



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 7 de marzo de 2019**

ASISTENTES:

Membros :

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a. Carmen Silva Rego
D^a. M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día sete de marzo de dous mil dezanove en segunda convocatoria e baixo a presidencia do segundo tenente de alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, segundo Resolución de Alcaldía do 05/03/19, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(179).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 28 de febreiro de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(180).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN PRESENTADOS POLA DENEGACIÓN DE AXUDAS DO PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN-2018”. EXPTE. 148852/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 27/02/19, asinado polo asesor xurídico adxunto de Benestar Social, a xefa de Benestar Social, o xefe de Área e pola concelleira-delegada de Política Social, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 11.01.2018, acordou aprobar as Bases e a convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2018», elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 148852/301).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de poñer a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da súa vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2018 consignouse unha partida por importe de 1.640.000 € destinada, especificamente, para cubrir este tipo de necesidades sociais básicas (aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”).

I.4. As Bases deste Programa foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal e no BOP de Pontevedra nº 15 do 22 de xaneiro de 2018. Durante o prazo establecido para a presentación de solicitudes, contado desde o día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no BOP nº 68, do 09.04.2018, tiveron entrada no Rexistro xeral municipal un total de 2.964 solicitudes.

I.5. Polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social) foron tramitadas as solicitudes e comprobado o cumprimento dos requisitos esixibles e a correspondente documentación acreditativa. A seguir, procedeu á súa avaliación de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.6. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta de data 25.09.2018).

I.7. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG...) e na Base 13.4 do



Concello de Vigo

«PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS...», a Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 11.10.2018 acordou, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria de axudas nos seguintes termos:

«PRIMEIRO.- Conceder ás 1.937 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo I (que comeza co doc. nº 180.052.008 e remata co nº 180.072.255), as axudas económicas que alí se indican, por cumprir cos requisitos establecidos nas Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2018». O gasto total (1.619.992,24 €) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”.

SEGUNDO.- Denegar ditas axudas económicas ás 1.027 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo II (que comeza co doc. nº 180.051.966 e remata co nº 180.095.038) por incumprir os requisitos das Bases, indicándose en cada caso a causa concreta de denegación.

TERCEIRO.- Publicar este Acordo e os seus Anexos no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Servizo de Benestar Social. Será obxecto de publicación tamén no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitirase a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CUARTO.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

I.8. Contra este acordo da Xunta de Goberno local algunhas das persoas interesadas presentaron no Rexistro xeral municipal RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN. De todos eles, propúxose xa ó órgano resolutorio a estimación dos referidos a solicitudes que sí cumprían os requisitos das bases da convocatoria (XGL do 21.02.2019). Os demais serán obxecto de desestimación expresa nos termos recollidos nesta proposta.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.

- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RD.Lex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Programa municipal de axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministros e alimentación – 2018 (Concello de Vigo; XGL do 11.01.2018; BOP nº 15, do 22.01.2018 e BOP nº 68, do 09.04.2018).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 115.2 da LPACAP, resulta indiferente para a tramitación e resolución dos recursos a cualificación concreta que as persoas recorrentes lle asignen ós escritos de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, os recursos potestativos de reposición presentados diríxense contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 11.10.2018, desestimatorio das súas solicitudes de concesión dunha axuda económica con cargo ás bases e convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2018».



Concello de Vigo

III.3. Os escritos de recurso cumpren cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpoñense en prazo e forma polas persoas interesadas e diríxense fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.4. De acordo co disposto no Art. 124.2 da LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producese a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24.1 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dítar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.5. Examinado o seu contido, propoñemos **DESESTIMAR** expresamente os recursos que se relacionan no CADRO ANEXO, toda vez que o Acordo da XGL impugnado resulta axustado ás bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2018» e as respectivas solicitudes foron correctamente desestimadas por superar o nivel de rendas establecido nas Bases para a unidade familiar ou de convivencia, por non achegar toda a documentación necesaria ou polas demais causas sinaladas en cada caso no Anexo II daquel Acordo (carecer do permiso de residencia, falta da antigüidade esixida no PMH, etc.).

Achégase en cada un dos expedientes físicos, a modo de ficha, unha explicación pormiudada dos feitos e motivos que xustifican a desestimación do recurso en cuestión.

Polo exposto, a resolución desestimatoria adoptada a respecto desas solicitudes foi correcta e debe ser confirmada nesta instancia.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 112-119 e 123-124 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar os recursos potestativos de reposición presentados contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 11.10.2018 polo que se denegaron as solicitudes de concesión de axudas económicas ó abeiro do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2018» que figuran no Cadro Anexo por superar o nivel de rendas máximo establecido nas Bases, non achegar toda a documentación requirida ou polas demais circunstancias que se expresan en cada caso (Bases 7ª, 9ª, 11ª e ccdtes.). O Anexo comeza coa persoa recorrente nº 1, con DNI/NIE/Pasaporte nº 36.134.112-P (Doc. nº 180168101; Exp. nº 152796/301) e remata coa nº 98, con DNI/NIE/Pasaporte nº 53.179.578-J (Doc. nº 180174182; Exp. nº 152911/301).

SEGUNDO: Notificar ás persoas recorrentes, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125.1 da LPACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación do Acordo».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO
RECURSOS AEFAS 2018
DESESTIMADOS

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
1	36.134.112-P	152796/301	R/Cangas nº 3, 4º – B 36209 Vigo	17/10/2018 180168101	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 1 membro computable: 300€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Impútase como renda efectiva a RISGA de 1 membro: 403,38€. Foi informado desta prestación á que podería ter dereito, pero consta que desistiu en 2015; Base 7º.7.1.3.]
2	36.100.404-H	153109/301	R/Barcelona nº 73, 4º – D 36211 Vigo	18/10/2018 180167583	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 5 membros (computables): 500€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva: 536,39€/mes.



Concello de Vigo

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
3	36.032.652-R	156073/301	R/Pateira nº 3, 1º – A 36214 Vigo	19/10/2018 180168376	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 1 membro: 300€/mes, Base sétima, Táboa I.1.]
4	36.097.511-T	153572/301	R/Vía Norte nº 32 – 5º 36204 Vigo	19/10/2018 180168382	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 3 membros computables (Base novena, Apdo.3.h e Base décimo cuarta, Apdo.5): 400€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Impútase como renda efectiva a RISGA de 1 membro: 403,38€. Foi informado desta prestación á que podería ter dereito, pero consta que a súa solicitud foi arquivada por causas imputables ó interesado; Base 7º.7.1.3.]
5	X5832711-A	154480/301	R/Brasil nº 6, 3º 36204 Vigo	19/10/2018 180168575	(3) O solicitante non acreditou a residencia legal en España (por este mesmo motivo fóralle xa denegada a RISGA).
6	39.499.464-T	153003/301	Avda. Camelias nº 110 – Ático 36211 Vigo	22/10/2018 180169258	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 1 membro computable: 300€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Impútase como renda efectiva a RISGA de 1 membro: 403,38€. Foi informado en xullo/2017 desta prestación á que podería ter dereito, pero consta que desistiu; Base 7º.7.1.3.]

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
7	36.075.445-Z	154980/301	Avda. Camelias nº 97, 1º 36211 Vigo	23/10/2018 180169853	(3) A puntuación concedida [10 ptos. = 968,20€] é conforme coas bases. A axuda en concepto de aluguer foi de 677,74€.
8	39.511.648-V	154013/301	R/Asturias nº 27, Bx. 36205 Vigo	26/10/2018 180172411	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 2 membros (computables): 350€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva: 827,52€/mes.
9	39.515.735-X	155958/301	R/Maceiras nº 9, 1º 36207 Vigo	30/10/2018 180174257	(3) A puntuación concedida [4 ptos. = 387,28€] é conforme coas bases. Membros computables da unidade: 1 (un). M.V.H. E E.A.H. causaron baixa no PMH o 12.05.2017 e alta por omisión o 16.04.2018 (data posterior á requerida pola Base sétima, Apdo. 7.1.2º).
10	35.554.127-Z	153425/301	R/Mideiros nº 16, Bx. 36205 Vigo	30/10/2018 180174123	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases (Renda efectiva: 418,40€; 5 membros computables = 4 ptos.; Base décimo cuarta, Apdo.14.8, Táboa 2]
11	36.090.692-N	152979/301	R/Antía Cal nº 5, 3º – D 36214 Vigo	08/11/2018 180178850	(2) [Non achegou a documentación requirida relativa a J.L.G.P., imprescindible para determinar os ingresos reais da unidade familiar na data considerada pola Base novena, Apdo. 9.3º f)]



Concello de Vigo

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
12	36.092.812-Q	152579/301	R/López Mora nº 30, 1º – B 36211 Vigo	08/11/2018 180178946	(3) [A puntuación concedida (4 ptos. = 387,28€) é conforme coas bases. Renda efectiva = RAI + pensións de alimentos – deducción por vivenda]
13	36.037.376-X	152439/301	Avda. Hispanidade nº 84 bis, 2º-N 36203 Vigo	08/11/2018 180178930	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 1 membro computable: 300€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Impútase como renda efectiva a RISGA de 1 membro: 403,38€. Foi informada en 2016 desta prestación á que podería ter dereito, pero consta que a súa solicitude foi arquivada en setembro/2016 por non presentar a documentación requirida; Base 7º.7.1.3.]
14	36.122.780-S	153798/301	R/Don Bosco nº 9, Bx. 36202 Vigo	08/11/2018 180179242	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 1 membro computable: 300€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva: 433,50€/mes.
15	77.002.087-L	154165/301	Estrada de Camposancos, nº 305, 1º – B 36330 Vigo	09/11/2018 180179972	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 2 membros: 350€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Non achegou documentación xustificativa de gastos de aluguer.
16	X1499314-J	154604/301	Avda. García Barbón nº 114, 1º – A 36201 Vigo	09/11/2018 180180161	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 3 membros computables: 400€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva: 421,88€.

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
17	X3313720-H	155332/301	R/Burgos nº 32, 2º 36205 Vigo	27/11/2018 180189465	(1) [Supera a renda máxima para unidades de 1 membro computable: 300€; Base sétima, Táboa I.1]. D.S.G.L. e J.A.G.L., maiores de idade, non cumpren co requisito de Padrón e, polo tanto, non computan como membros da unidade familiar; Base sétima, Apdo. 7.1.2º]. Renda efectiva: 372,01€/mes.
18	36.151.698-E	153647/301	R/Pino nº 103, Bx. 36206 Vigo	07/11/2018 1801178368	(2) [Non achegou a documentación requirida relativa a V.J.G.V. (nómina), imprescindible para determinar os ingresos reais da unidade familiar na data considerada pola Base novena, Apdo. 9.3º f)]. A composición da unidade familiar/de convivencia ven referida ó mes de marzo/2018: 4 membros (Base sétima, Apdo. 7.1.2º).
19	X3920450-P	155622/301	Cmño. Caxide nº 44, Bx. 36216 Vigo	03/12/2018 180193044	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 6 membros computables: 550€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva: 915,70€. Tense en conta a declaración de IVE do 1º trimestre 2018 (Base novena, Apdo. 9.3ºf), que reflicte datos máis actualizados que os do IRPF.



Concello de Vigo

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
20	36.176.965-N	155151/301	R/Pizarro nº 27, 3º 36204 Vigo	17/12/2018 180200442	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 2 membros computables: 350€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva: 514,50€.
21	36.089.611-N	154493/301	R/Chile nº 11, 1º - I 36202 Vigo	21/12/2018 180204768	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 1 membro computable: 300€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva: 307,46€/mes.
22	36.110.121-Y	156438/301	R/As Teixugueiras nº 16, P.5, 5º- C 36212 Vigo	24/12/2018 180205080	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 2 membros computables: 350€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva: 374,88€ (nómina marzo/2018 de F.C.G.: 518,30€ – gasto mensual vivenda: 143,42€). Aínda sen imputar a PNC de F.C.F., supérase igualmente aquele límite.
23	36.103.342-V	155823/301	R/S. Lourenzo nº 32, 3º – Esqda. 36206 Vigo	30/10/2018 180174271	(1) [Aínda imputando gastos de aluguer mensual [72,12€], supera a renda máxima para unha unidade de 1 membro computable: 300€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva: 327,26€/mes.
24	X8340077-R	154005/301	R/Travesía de Foxos, nº 63 36202 Vigo	29/11/2018 180191125	(3) O solicitante non acreditou a residencia legal en España (por esta mesma razón foille denegada a RISGA).

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
25	36.123.884-S	155843/301	Avda. Ramón Nieto nº 81, 1º – A 36205 Vigo	13/11/2018 180181808	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 2 membros computables (pai e fillo): 350€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva: 478,68€.
26	X6903362-G	155808/301	R/Pi i Margall nº 106, 4º – T 36202 Vigo	05/11/2018 180176490	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 1 membro computable: 300€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva: 514,34€/mes.
27	X0937927-X	155720/301	R/Pi i Margall nº 106, 4º – T 36202 Vigo	05/11/2018 180176454	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 1 membro computable: 300€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva: 311,38€/mes.
28	39.457.345-V	153163/301	R/Enrique Lorenzo nº 5, 6º – D 36207 Vigo	25/10/2018 180171513	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 3 membros computables: 400€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva: 2.363,36€.
29	X9291571-P	153144/301	R/Santa Tegra nº 24, Bx. 36207 Vigo	07/11/2018 180178354	(3) A solicitante non acreditou a residencia legal en España.



Concello de Vigo

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
30	53.171.233-V	153287/301	Avda. Alcalde Portanet nº 21, 1º – D 36210 Vigo	05/11/2018 180176657	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 1 membro computable: 300€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Impútase como renda efectiva a RISGA de 1 membro: 403,38€. Consta Resolución da Xefatura territorial da Consellería de Política Social do 29.07.2016 pola que se declarou que o interesado desistiu da súa solicitude de RISGA por non achegar a totalidade da documentación que se lle pedira o 07.06.2016; Base 7º.7.1.3.]
31	52.472.006-J	153840/301	Cmño. Gonderán nº 17, 1º 36206 Vigo	21/11/2018 180186415	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 3 membros computables: 400€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva: 561,55€.
32	36.157.563-E	154503/301	Avda. Alcalde Portanet nº 21, 1º – D 36210 Vigo	07/11/2018 180178189	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 1 membro computable: 300€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Impútase como renda efectiva a RISGA de 1 membro: 403,38€. Consta que foi informada de RISGA en 2016 e non acudiu a cita ata agosto/2018; Base 7º.7.1.3.]

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
33	35.927.731-Y	156984/301	R/Pi i Margall nº 50, 5º – B 36202 Vigo	30/10/2018 180174384	(3) [Solicitude inicial presentada fóra de prazo: Rexistro xeral Xunta de Galicia: 23.05.2018; Rexistro xeral Concello de Vigo: 25.05.2018] (* En todo caso, a solicitude de axuda sería desestimada por superar a renda máxima para unha unidade de 1 membro computable: 300€/mes, Base sétima, Táboa I.1. Renda efectiva: 453€/mes.
34	Y3306451-P	153608/301	R/Alfonso X O Sabio nº 4, 2º – C 36211 Vigo	06/11/2018 180177468	(3) A solicitante non acreditou a residencia legal en España.
35	36.058.955-S	155472/301	R/Corvo mariño nº 8, 3º – D 36205 Vigo	13/11/2018 180181560	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 1 membro computable: 300€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva: 399,38€. (* A suspensión da RISGA tivo efectos económicos do 01.10.2018 e consta a súa reanudación en decembro/2018.
36	34.998.126-S	152535/301	R/Peníns nº 38, 2º 36215 Vigo	30/11/2018 180191713	(3) [A solicitante leva menos de 3 anos empadroada no municipio. Data PMH: 13.04.2019; Data BOP convocatoria AEFAS 2018: 09.04.2018; Base sétima; Apdo.7.1.1º]
37	Y0679817-C	154007/301	Praza Princesa nº 7, Bx. 36201 Vigo	15/11/2018 180183139	(3) O solicitante non acreditou a residencia legal en España.



Concello de Vigo

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
38	39.487.379-J	155188/301	R/Devesa de Santa Tegra nº 36, Bx. 36207 Vigo	07/11/2018 180178492	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 1 membro computable: 300€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva: 348,38€.
39	36.139.625-R	154189/301	R/Doutor Carracido nº 23, 3º 36205 Vigo	08/11/2018 180179070	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 2 membros computables: 350€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva: 436€.
40	54.384.503-Z	154806/301	R/Trav. Escolas Públicas nº 46, 1º 36201 Vigo	29/10/2018 180173204	(2) [Non achegou a documentación requirida relativa ós ingresos de marzo/2018 de J.M.C.G., imprescindible para determinar os ingresos reais da unidade familiar na data considerada pola Base novena, Apdo. 9.3º f)] (* Achegada esa documentación co escrito de recurso, a solicitude inicial de axuda resultaría desestimada por superar a renda máxima para unha unidade de 2 membros computables: 350€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva: 395,60€.
41	X1836459-R	156063/301	R/Travesía de Vigo nº 219, 1º – P.8 36207 Vigo	10/12/2018 180196396	(3) [A puntuación concedida é conforme coas bases (Renda efectiva: 237,41€; 2 membros computables = 6 ptos.; Base décimo cuarta, Apdo.14.8, Táboa 2]

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
42	34.886.910-G	153839/301	R/Gregorio Espino nº 20, 4º – Esq. 36205 Vigo	15/11/2018 180183157	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 3 membros computables: 400€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 491,31€.
43	53.190.676-W	153730/301	Avda. Florida nº 30, P.2, 7º – F 36210 Vigo	30/10/2018 180174327	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 2 membros computables: 350€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 418,72€.
44	Y1273785-J	156447/301	R/Sanjurjo Badía nº 27, 1º – A 36207 Vigo	14/01/2019 190005553	(3) [Inadmisión: recurso presentado fóra de prazo. Data notificación: 21.11.2018. Á marxe disto, superaría a renda máxima para unha unidade de 1 membro computable: 300€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva: 309,83€. (* S.V.C. non cumpre PMH (Base sétima, Apdo.7.1.1º) pero si computaría ingresos (Base décimo cuarta, Apdo.14.4).
45	39.485.246-L	155187/301	R/Devesa de Santa Tegra nº 36, Bx. 36207 Vigo	07/11/2018 180178231	(2) [Non achegou a documentación requirida: ingresos marzo/2018 e xustificante pagamento pensión alimentos marzo/2018; imprescindible para determinar a súa renda efectiva na data considerada pola Base novena, Apdo. 9.3º f)]



Concello de Vigo

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
46	36.099.323-H	155294/301	Avda. Florida nº 66, 1º-E 36209 Vigo	15/11/2018 180183562	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 1 membro computable: 300€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Impútase como renda efectiva a RISGA de 1 membro: 403,38€. Consta Resolución da Xefatura territorial da Consellería de Política Social do 23.05.2018 pola que se declarou que a interesada desistiu da súa solicitude de RISGA por non achegar a documentación que se lle pedira o 06.02.2018; Base 7º.7.1.3.]
47	Y1318991-R	155372/301	R/Couto San Honorato nº 109, 1º-D 36204 Vigo	20/11/2018 180185904	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 1 membro computable: 300€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva: 575€.
48	X8855793-B	154764/301	R/Brasil nº 58, 3º-A 36204 Vigo	18/10/2018 180167770	(2) [Non achegou a documentación requirida: ingresos marzo/2018 de E.F.F.C., imprescindible para determinar a súa renda efectiva na data considerada pola Base novena, Apdo. 9.3º f)]. Achegada posteriormente esa documentación co recurso, a solicitude de axuda sería desestimada por superar a renda máxima para unha unidade de 4 membros computables: 450€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva: 950,58€.

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
49	32.828.465-J	154405/301	R/Aragón nº 150, 2º-E 36206 Vigo	29/10/2018 180173224	(3) (1) [Aínda considerando que a súa solicitude non formase parte da presentada por B.J.P.R. (Doc. nº 180062127), resultaría desestimada por superar a renda máxima para unha unidade de 1 membro computable: 300€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva: 517,82€.
50	53.175957-A	154993/301	R/Anduriña nº 19, 2º – C 36205 Vigo	20/11/2018 180185853	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 4 membros computables: 450€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva: 562,65€.
51	36.152.861-N	153440/301	R/Benito Castro Nogueira nº 13, 1º 36205 Vigo	14/11/2018 180183018	(3) A puntuación concedida [2 ptos. = 193,64€] é conforme coas bases. Renda efectiva: 321,87€ (478,68€+24,25€ - deducción por vivenda); 2 membros computables = 2 ptos.; Base décimo cuarta, Apdo.14.8, Táboa 2]
52	46.264.219-H	153295/301	R/Zamora nº 82, 7º – B 36203 Vigo	22/11/2018 180187512	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 3 membros computables: 400€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 448,50€.
53	36.043.608-D	154404/301	R/Pizarro nº 67, 1º-A 36204 Vigo	23/11/2018 180187750	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 3 membros computables: 400€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 436,63€



Concello de Vigo

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
54	36.157.606-L	153385/301	Cmño. Regueira (Comesaña) nº 55, Bx. 36213 Vigo	05/12/2018 180195796	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 5 membros (computables): 500€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 505,21€/mes.
55	36.030.512-T	156409/301	R/Purificación Saavedra nº 92, 3º 36207 Vigo	10/12/2018 180195787	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 2 membros computables: 350€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda marzo/2018): 400€.
56	36.131.948-Y	153967/301	R/Serafín Avendaño nº 12, 2º-A 36201 Vigo	11/12/2018 180196683	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 2 membros computables: 350€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Impútase como renda efectiva a RISGA de 2 membros: 478,68€. Consta que foi informado desta prestación á que podería ter dereito en 2015 (RISGA diferencial) e non a solicitou.
57	Y1262076-B	153908/301	R/Urzáiz nº 118, 5º-C 36205 Vigo	30/10/2018 180174424	(3) O solicitante figura noutra solicitud (S.V.; Doc. nº 180068764), que foi estimada e á que se lle concederon 10 ptos. (=968,20€); Base novena, Apdo.9.2.
58	36.117.975-V	152997/301	R/Couto Piñeiro nº 31 36204 Vigo	22/10/2018 180169255	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 7 membros computables: 550€/mes; Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 743,14€.

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
59	X5692616-R	152887/301	Avda. García Barbón nº 48, 2º – Esqda. 36201 Vigo	19/10/2018 180168183	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 3 membros computables (Base novena, Apdo.3.h e Base décimo cuarta, Apdo.5): 400€/mes; Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 767,89€.
60	44.486.769-P	155640/301	R/Pizarro nº 89, 1º-B 36204 Vigo	19/10/2018 180168290	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 5 membros computables: 500€/mes; Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 615,78€.
61	Y4324066-B	155796/301	R/Baiona nº 11, Bx. - A 36209 Vigo	30/11/2018 180192237	(3) [A solicitante leva menos de 3 anos empadroada no municipio. Data PMH: 17.03.2016; Data BOP convocatoria AEFAS 2018: 09.04.2018; Base sétima; Apdo.7.1.1º]
62	53.180.976-P	154305/301	Avda. Ramón Nieto nº 414, 3º 36215 Vigo	14/11/2018 180182383	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 2 membros computables: 350€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 455€.
63	36.087.632-B	153836/301	R/Dr. Martín Lago nº 45, 3º 36205 Vigo	19/10/2018 180168323	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 3 membros computables (só cumpren PMH: J.A.S.A., I.S.T. e Y.S.T.; Base sétima, Apdo.7.1.1º): 400€/mes; Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 400,33€.



Concello de Vigo

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
64	36.092.427-E	152650/301	R/Espiñeiro nº 6, 4º-F 36207 Vigo	18/10/2018 180167855	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 1 membro computable (só C.A.DS. Cumpre requisito PMH: Base sétima, Apdo.7.1.1º): 300€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva: 328,81€.
65	54.383.981-K	153309/301	R/Colombia nº 25, 1º-D 36204 Vigo	15/11/2018 180183191	(3) [Incumpre o requisito establecido na Base sétima, Apdo. 7.1.2º: a solicitante non estaba empadroada en data 01.03.2018 (primeiro dia do mes anterior ó da publicación da convocatoria).
66	54.468.139-E	155829/301	R/4ª Travesía de Guixar nº 7, 2º 36207 Vigo	24/10/2018 180170529	(3) [Incumpre o requisito establecido na Base sétima, Apdo. 7.1.2º: a solicitante non estaba empadroada en data 01.03.2018 (primeiro dia do mes anterior ó da publicación da convocatoria).
67	39.457.388-Z	155302/301	R/Torrecedeira nº 9, 6º-R 36202 Vigo	29/10/2018 180173089	(3) [Incumpre o requisito establecido na Base sétima, Apdo. 7.1.1º: sumados todos os periodos de empadroamento no PMH, non acada a antigüidade de tres (3) anos esixida desde a publicación da convocatoria destas axudas: 09.04.2018]

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
68	35.382.518-P	155488/301	Avda. Castelao nº 80, Bx. - A 36209	09/11/2018 180179824	(3) [Incumpre o requisito establecido na Base sétima, Apdo. 7.1.1º: non acadada a antigüidade de tres (3) anos esixida no PMH do Concello de Vigo, desde a publicación da convocatoria destas axudas: 09.04.2018]
69	77001017-F	156271/301	R/Bolivia nº 35, 4º-C 36204	29/10/2018 180173160	(3) [A puntuación concedida (8 ptos. = 774,56 €) é conforme coas bases. Impútase como renda efectiva a RISGA; prestación que xa coñecía, da que foi debidamente informada pero que non solicitou: Base 7º.7.1.3º.]
70	36.066.602-A	153777/301	R/Callao nº 20, Bx. 36201	05/11/2018 180176506	(2) [Non achegou toda a documentación imprescindible para determinar a súa renda efectiva: faltaba xustificación de que o crédito hipotecario se correspondía coa vivenda da r/Callao nº 20: Base novena, Apdo. 9.3º Ptos. i) e j)]
71	53.187.794-H	156460/301	R/Travesía de Vigo nº 170, 5º 36206	24/10/2018 180170931	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 2 membros computables: 350€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 438€.



Concello de Vigo

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
72	79.085.310-V	153172/301	Cmño. Figueirido nº 63, Bx. 36209	05/11/2018 180176754	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 4 membros computables: 450€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 557,26€.
73	36.112.359-J	153904/301	R/Ribeira do Berbés nº 43, 2º 36202	05/11/2018 180176642	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 2 membros computables: 350€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 417,36€.
74	33.817.158-M	154089/301	R/Travesía Ponte Romano nº 8, Bx. 36210	05/11/2018 180176428	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade dun (1) só membro computable (Base sétima, Apdo.7.1.1º): 300€/mes; Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva: 403,84€.
75	Y2183016-P	154938/301	R/Zamora nº 28, 3º-E 36201	05/11/2018 180176535	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 7 membros computables: 550€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva: 865,46€. No aplica deducción por vivenda (o contrato achegado co recurso é de data posterior: novembro/2018).
76	X8600896	153452/301	R/Milladas nº 46, 1º 36214	12/11/2018 180180640	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 3 membros computables: 400€/mes; Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 479,40€

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
77	54.468.436-C	154050/301	R/Pino nº 121, 4º 36206	14/11/2018 180182737	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 2 membros computables: 350€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 352,93€.
78	36.167.470-Q	153987/301	R/Antón Beiras nº 20, 2º 36206	14/11/2018 180182516	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 4 membros computables: 450€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 633,02€.
79	Y1098169-W	154221/301	R/Brasil nº 52, 3º-C 36204	13/11/2018 180181595	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 1 membro computable: 300€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Impútase como renda efectiva a RISGA de 1 membro: 403,38€. Foi informado desta prestación á que podería ter dereito, pero consta que a súa solicitude foi arquivada por causas imputables ó interesado; Base 7º.7.1.3.]
80	Y3018736-T	154447/301	Avda. Hispanidade nº 76, 1º-E 36203	07/11/2018 180178095	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 1 membro computable: 300€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Impútase como renda efectiva a RISGA de 1 membro: 403,38€. Foi informado en 2016 desta prestación á que podería ter dereito, pero consta que non a solicitou; Base 7º.7.1.3º.]



Concello de Vigo

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
81	X9208638-J	154998/301	Avda. Hispanidade nº 76, 1º- E 36203	07/11/2018 180178098	(1) [Supera a renda máxima para unha unida de 1 membro computable: 300€/mes; Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 370€.
82	36.150.055-N	154967/301	R/Gaivota nº 7, 2º-B 36205	16/11/2018 180184353	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 3 membros computables: 400€/mes; Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 538,56€
83	X3227487-N	152916/301	R/3ª Travesía da Pastora nº 5, 3º 36210	24/10/2018 180170832	(3) [A puntuación concedida (4 ptos. = 387,28 €) é conforme coas bases. Renda efectiva (marzo/2018): 374,35€ (704,35€ - deducción por vivenda: 330€); 4 membros computables = 4 ptos. (Base décimo cuarta, Táboa 2]
84	36.176.995-L	154031/301	Cmño. Baixa nº 24, 1º-D 36215	16/11/2018 180183972	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 2 membros computables: 350€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 517,45€.
85	36.015.651-C	155058/301	Avda. Ramón Nieto nº 229, 3º-G 36205	16/11/2018 180183956	(1) [Supera a renda máxima para unha unida de 1 membro computable: 300€/mes; Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 397,73€.

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
86	32.663.214-V	155634/301	R/Travesía de Vigo nº 78, 1º-D 36206	30/10/2018 180174246	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 3 membros computables (Base sétima, Apdo.7.1.1º): 400€/mes; Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 478,90€
87	Y1163470-Y	153982/301	R/Travesía do Rosario nº 7, 3º Esqda. 36206	20/11/2018 180185553	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 4 membros computables: 450€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 533,92€ (= subsídio desemprego: 430€ + prestación por maternidade: 373,65€ – deducción por vivenda: 270€).
88	X3486595-W	153389/301	R/Baixada Conde Torrecedeira nº 6, 3º-C 36202	30/10/2018 180174103	(3) [Incumpre o requisito establecido na Base sétima, Apdo.7.1.4º: o solicitante dispón doutra vivenda distinta do domicilio habitual, como así o recoñece no seu recurso]
89	35.999.553-E	154944/301	R/Travesía de Vigo nº 211, 2º P.33 36207	20/11/2018 180185566	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 3 membros computables (Base sétima, Apdo.7.1.1º): 400€/mes; Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 591,06€



Concello de Vigo

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
90	X4599588-W	156448/301	R/Pardal nº 15, 1º-C 36205	31/10/2018 180174995	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 2 membros computables: 350€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 387,98€ (= ingresos: 712,98€ - deducción por vivenda: 325€).
91	48.754.998-N	154776/301	R/Rosalía de Castro nº 17, 3º-A 36201	30/10/2018 180174265	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 1 membro computable: 300€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Impútase como renda efectiva a RISGA de 1 membro: 403,38€. Foi informada desta prestación á que podería ter dereito, pero consta que non achegou a documentación necesaria nin acudiu á cita coa súa TS; Base 7º.7.1.3º.]
92	36.054.978-V	153851/301	R/Pintor Lugrís nº 7, Bx. - A 36211	17/10/2018 180166869	(1) [Supera a renda máxima para unha unida de 1 membro computable: 300€/mes; Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 369,90€ (PNC).
93	39.497.451-B	153353/301	R/Urzáiz nº 97, 1º-C 36204	29/10/2018 180173679	(3) [A puntuación concedida (4 ptos. = 387,28 €) é conforme coas bases. Impútase como renda efectiva a RISGA porque consta que esta prestación foi temporalmente suspendida, con efectos do 01.03.2018, por causas imputables á interesada: Base 7º.7.1.3º.]

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
94	33.536.477-Q	153253/301	R/Coruña nº 44, 2º-B 36208	05/11/2018 180176649	(3) [A puntuación concedida (4 ptos. = 387,28 €) é conforme coas bases. Renda efectiva (marzo/2018): 427,31€ (ingresos: 777,31€ - deducción por vivenda: 350€); 5 membros computables = 4 ptos.; Base décimo cuarta, Táboa 2]
95	Y3869638-V	154586/301	Avda. de Galicia nº 284 36216	24/10/2018 180170634	(3) O solicitante non acreditou a residencia legal en España.
96	36.124.594-N	153925/301	R/Torrecedeira nº 19, 1º-A 36202	24/10/2018 180170694	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 4 membros computables: 450€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 490,27€ (ingresos: 790,27€ - deducción por vivenda: 300€). (* Os gastos de comunidade non teñen o carácter de subvencionables: Base sexta, Apdo.6.1.b).
97	Y0884505-P	154255/301	R/Via Norte nº 29, 7º-B 36206	24/10/2018 180170560	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 3 membros computables (Base sétima, Apdo.7.1.1º): 400€/mes; Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 984,01€



Concello de Vigo

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
98	53.179.578-J	152911/301	R/Travesía de Vigo nº 160, 1º-C 36206	30/10/2018 180174182	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 2 membros computables: 350€/mes, Base sétima, Táboa I.1]. Renda efectiva (marzo/2018): 351,22€.

*

3(190).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DE CORRECCIÓN DE PATOLOXÍAS, CONSOLIDACIÓN E ACCESIBILIDADE DE “VILLA SOLITA”. EXPTE. 8846/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 04/03/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, o concelleiro-delegado de Contratación, a titular da Asesoría Xurídica e o Interventor Xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPA)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de “CORRECCIÓN DE PATOLOXÍAS, CONSOLIDACIÓN E ACCESIBILIDADE DE “VILLA SOLITA” (PCAP)

- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto das obras de “CORRECCIÓN DE PATOLOXÍAS, CONSOLIDACIÓN E ACCESIBILIDADE DE “VILLA SOLITA” (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 23 de novembro de 2017 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en adiante a XGL) acordou “aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para o financiamento das obras de recuperación e posta en valor das ruínas de Villa Solita”.

Segundo.- En data 14 de decembro de 2017 a XGL acordou aprobar o “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CORRECCIÓN DE PATOLOXÍAS, CONSOLIDACIÓN E ACCESIBILIDADE DA EDIFICACIÓN COÑECIDA COMO “VILLA SOLITA” (ALCABRE), redactado polo arquitecto Víctor Hermo Sánchez.

Terceiro.- En data 1 de marzo a XGL aprobou o procedemento aberto para a licitación das obras do citado proxecto.

Cuarto.- En data 19 de xullo de 2018, a XGL adxudicou o contrato a OREGA, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L., por un prezo total de 221.710,80 euros (IVE engadido).

O prazo de execución das obras é de 6 meses. A acta de comprobación de replanteo, asinouse o 10 de agosto de 2018, e a execución do contrato comezou o día seguinte.

Quinto.- En data 27 de setembro de 2018, a XGL acordou aprobar o inicio do expediente de modificación deste contrato, autorizando a redacción dun proxecto modificado. Este foi redactado polo mesmo arquitecto que o proxecto inicial, que o entrega en data 13 de decembro. Deuse trámite de audiencia ao contratista, que o conforma mediante firma no propio proxecto, o 8 de febreiro de 2019.

Sexto.- En data 24 de xaneiro de 2019, a Concelleira delegada de Patrimonio Histórico autorizou a suspensión das obras.

Sétimo.- En data 21 de febreiro de 2019, o xefe da Oficina de Supervisión de Proxecto informa favorablemente o proxecto.

Oitavo.- En data 22 de febreiro de 2019, a xefa de servizo de Patrimonio Histórico envía o expediente ao servizo de Contratación para formular a proposta de modificación ao órgano de contratación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas



Concello de Vigo

administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas. Así evítanse conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 139 do TRLCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. No caso que nos ocupa, o prego non prevé a modificación do contrato (apartado 15.A da FEC). En consecuencia, so se pode modificar se concorren algunha das circunstancias previstas no artigo 107 do TRLCSP. Estas son:

- Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que se pretenden cubrir polo contrato debido a erros ou omisións sufridos na redacción do proxecto ou as especificacións técnicas.
- Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por razóns obxectivas que determinan a súa inadecuación, que consisten en circunstancias do tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, medioambiental ou similar, postas de manifesto tras a adxudicación do contrato e que non eran previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia necesaria de acordo coa boa práctica profesional na preparación do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.
- Forza maior ou caso fortuíto que fan imposible a realización do servizo nos termos inicialmente definidos.

- A conveniencia de incorporar a prestación os avances técnicos que a melloren notablemente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, tivesen lugar despois da adxudicación do contrato.
- Necesidade de axustar a prestación ás especificacións técnicas, ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas despois da adxudicación do contrato.

Se concorresen estas circunstancias, poderá modificarse sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

1. A modificación non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación. Se cumpre esta circunstancia cando a modificación:
 - Varíe substancialmente a función e características esenciais da prestación inicialmente contratada.
 - Altere a relación entre a prestación contratada e o prezo, tal e como esa relación foi definida polas condicións da adxudicación.
 - Cando para a súa realización fose necesaria unha habilitación profesional diferente da exixida para o contrato inicial o unas condicións de solvencia substancialmente distintas.
 - Iguale ou excedan, en máis ou en menos, o 10 % do prezo de adxudicación do contrato; no caso de modificacións sucesivas, o conxunto delas non poderá superar este límite.
 - Se puidera presumirse que, de haber sido coñecida previamente concorrerían ao procedemento de adxudicación outros interesados, ou que os licitadores que tomaron parte no mesmo tivesen presentado ofertas substancialmente diferentes ás formuladas.
2. Deberá limitarse as variacións estritamente indispensables para responder a causa obxectiva que motiva a modificación.

A modificación obxecto deste informe ven motivada, segundo o informe proposta da xefa do servizo de Patrimonio Histórico, de data 22 de febreiro de 2019, polo cambio do estado da edificación a intervir, como consecuencia de dous derrubamentos: unha parte significativa da fachada da capela e do forxado da planta baixa da zona do acceso porticado ao edificio. Esta circunstancia foi posta de manifesto pola dirección facultativa das obras, en informe de 12 de setembro de 2018. Este informe sinala que os mesmos producíronse, sen que se coñeza a data exacta, mentres durou o proceso de licitación das obras e, polo tanto, con posterioridade á realización do proxecto, polo que ditas circunstancias non foron contempladas no proxecto adxudicado.

A xefa do servizo de Patrimonio Histórico, no citado informe, subsume estas circunstancias no suposto de caso fortuíto. No entanto, a xuízo da informante, podería ter tamén encaixe na causa prevista no artigo 107.1.b: inadecuación do proxecto, por razóns obxectivas de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, medioambiental ou similar, postas de manifesto tras a adxudicación do contrato e que non eran previsibles con anterioridade aplicando toda a



Concello de Vigo

diligencia necesaria de acordo coa boa práctica profesional na preparación do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.

Se ben no presente caso non é posible determinar con certeza o momento do derrumbe, en calquera caso, este é posterior á redacción do proxecto e non se tivo coñecemento do mesmo con carácter previo á adxudicación do contrato.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigos 108.2 e 211.1 TRLCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 211.3.b TRLCSP). No caso de modificacións previstas no prego deberá seguirse o procedemento de modificación nel regulado.
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros e a modificación non afecta ao prezo primitivo do contrato.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: resolver os problemas xerados polos derrubamentos, que conlevan a necesidade da realización de novas unidades de obra e a substitución doutras para a rehabilitación de Villa Solita. E así xustificase no informe do xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, de data 21 de febreiro de 2019.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que lle supón a modificación. Tal e como se desprende do citado informe, a modificación que nos ocupa non supón custe económico, polo que non resulta preciso indemnizalo.

Así mesmo, o artigo 234.3.b do TRLCSP prevé para a modificación dos contratos de obras dous trámites preceptivos: a audiencia do contratista e do redactor do proxecto, ambos por prazo mínimo de tres días.

No resulta necesario evacuar trámite de audiencia ao redactor do proxecto inicial por canto é o redactor do proxecto modificado.

Evacuado o trámite de audiencia ao contratista, este manifesta a súa conformidade coa modificación proposta, en escrito de data 8 de febreiro de 2019.

Unha vez analizado que a presente modificación cumpre cos presupostos e requisitos esixibles pola normativa contractual e que realizáronse todos os trámites preceptivos, procede formular proposta de aprobación da mesma ao órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O TRLCSP regula no seu Título IV o Réxime de garantías esixibles na contratación do sector público. Unicamente é preceptiva a esixencia de garantía definitiva.

Esta garantía esexese aos que presenten as ofertas economicamente máis vantaxosas nas licitacións dos contratos que celebren as Administracións Públicas. A súa contía é dun 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido (artigo 95.1 do TRLCSP).

A súa constitución é requisito imprescindible para que se poida adxudicar o contrato ao licitador primeiro clasificado.

Co obxecto de manter a integridade da garantía definitiva, se prevé a súa reposición e reaxuste nos seguintes casos:

- No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións esixibles ó adxudicatario (artigo 99.2 do TRLCSP).
- Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (artigo 99.3 do TRLCSP).

O artigo 99.3 do TRLCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. No caso que nos ocupa ó non ter custe económico a modificación non resulta preciso reaxustar a garantía.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, o ser un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRJAP) e será precisa a súa formalización.



Concello de Vigo

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL).

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

ACORDO:

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Modificar o contrato de obras de de "CORRECCIÓN DE PATOLOXÍAS, CONSOLIDACIÓN E ACCESIBILIDADE DE "VILLA SOLITA".

2º.- Aprobar o PROXECTO MODIFICADO Nº 1 SEN INCREMENTO ECONÓMICO DAS OBRAS DE CORRECCIÓN DE PATOLOXÍAS, CONSOLIDACIÓN E ACCESIBILIDADE DA EDIFICACIÓN COÑECIDA COMO "VILLA SOLITA" (ALCABRE), redactado polo arquitecto Víctor Hermo Sánchez.

3º.-Levantar a orde de suspensión das obras de corrección de patoloxías, consolidación e accesibilidade de "Villa Solita" (Alcabre), determinada pola Concelleira de Patrimonio Histórico con data 25 de xaneiro de 2019.

4º.- Formalizar por escrito a presente modificación."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(191).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN E REESTRUCTURACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA RÚA JENARO DE LA FUENTE. EXPTE. 11543/446.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 28/02/19, que di o seguinte:

9.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da rúa Jenaro de la Fuente (11.543-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 14 de febreiro de 2019, de ELSAMEX, S.A.U. e NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U. por non reunir as cartas de compromiso presentadas no sobre B os requisitos esixidos no apartado 6A.4 do Anexo I (FEC) do PCAP e non telos emendado no prazo concedido para o efecto.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da rúa Jenaro de la Fuente (11.543-446) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	HPC IBÉRICA, S.A.	94,77
2	BRICANTEL ESPAÑA, S.L.	83,03
3	UTE LAPPSET, S.L. - ACEVI, S.L.	69,06

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, HPC IBÉRICA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a a precedente proposta.

5(192).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA. EXPTE. 178230/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28/02/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:



Concello de Vigo

10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria (178.230-301)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria (178.230-301)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 14 de febreiro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria (178.230-301) na seguinte orde descendente:

	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.	98,00
2	CASER RESIDENCIAL	91,17
3	EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS	82,28
4	CRUZ ROJA ESPAÑOLA	49,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I do PCAP (“os licitadores deberán estar inscritos no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia”)
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A., o día 18 de febreiro de 2019, que presenta a documentación requirida o 26 de febreiro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de febreiro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 29 de xaneiro e 1 de febreiro de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Concello de Vigo

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A. o procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria (178.230-301) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 280.800,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.800,00 euros, e cun prezo unitario de usuario titular/mes de 11,32 euros (IVE incluído).*
- b) Propón a realización de chamadas semanais de seguimento para todas as persoas usuarias do servizo.*
- c) Propón a teleasistencia mediante liña telefónica móbil para un 2% das persoas usuarias titulares do servizo.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(193).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES DEPORTIVOS E LESIÓNS DEPORTIVAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS, COMPETICIÓNS INTERNAS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS. EXPTE. 2495/611.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 26/02/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, e polo concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación da póliza de seguro colectivo de accidentes deportivos e lesións deportivas para o desenvolvemento do programa municipal de escolas deportivas, competicións internas e actividades complementarias (2.495-611)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 7 de febreiro de 2019 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, da póliza de seguro colectivo de accidentes deportivos e lesións deportivas para o desenvolvemento do programa municipal de escolas deportivas, competicións internas e actividades complementarias (2.495-611).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 7 de febreiro de 2019, rematando o prazo de presentación de ofertas o 22 de febreiro.

Terceiro.- Indica o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 25 de febreiro de 2019: *“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 07-02-2019, para a contratación por procedemento aberto do S“servizo de seguro colectivo de accidentes deportivos e lesións deportivas para todas as actividades desenvolvidas ao abeiro do Programa Municipal de Escolas Deportivas, competicións internas e actividades complementarias, do Concello de Vigo, Concellería de Deportes. EXPTE. 2495-611” que rematou o día 22 de febreiro do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, non se presentou ningunha proposta”.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición a esta licitación, tal e como se indica no certificado expedido polo Rexistro xeral de data 25 de febreiro de 2019, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación da póliza de seguro colectivo de accidentes deportivos e lesións deportivas para o desenvolvemento do programa municipal de escolas deportivas, competicións internas e actividades complementarias (2.495-611) por non terse presentado ningunha proposición”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

7(194).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DE APOIO Á CELEBRACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DO PROGRAMA “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 18041/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18/02/19 e o informe de fiscalización de data 22/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 14/02/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Deportes, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

1.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno municipal do Concello de Vigo, recolle dentro do Programa 3410, a aplicación orzamentaria 3410.226.09.01 “Organización de actividades deportivas”.

2.- Con data 03/12/2018, por parte do Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, D. Rubén Peña Barceló, redáctase memoria xustificativa da necesidade da contratación da produción técnica necesaria para a celebración de eventos deportivos vinculados co programa “Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo”.

3.- Con data 30/11/2018, de conformidade e no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85) e Decreto de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e tendo en conta que o obxecto desta contratación, implica o exercicio de competencias indicadas como propias, no artigo 25.1 e 25.2.I da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Concelleiro de deportes asina a orde para que se proceda a iniciar expediente necesario para a contratación da produción técnica necesaria para a celebración de eventos deportivos vinculados co programa “Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo”.

2.- Condicións definitivas do contrato:

a.- Obxecto e natureza do contrato:

O obxecto do presente expediente contempla a contratación, en función das necesidades, da produción técnica necesaria para a celebración de eventos deportivos vinculados co programa “Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo”.

O presente contrato atópase vinculado ás competencias propias previstas no art. 25.2. I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, en relación á execución de programas de promoción da actividade deportiva.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 28 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordeamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014), así como os aspectos relacionados coa “natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse relacionadas no prego de prescricións técnicas particulares e de forma xeral atende fundamentalmente a produción técnica necesaria para a celebración de eventos deportivos vinculados co programa “Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo”.

O contrato, polo seu obxecto, será un contrato de Servizo, previsto no artigo 17 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014) (no sucesivo, LCSP).

Non se contempla a división en lotes do contrato xa que determínase que a realización independente ou por lotes das diversas prestacións e traballos obxecto do presente contrato dificultaría a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico, xa que implica a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. Tanto para a montaxe como para o desmante dos diferentes elementos e infraestruturas recollidos no prego técnico é necesario a utilización de medios humanos, técnico, e especializados que deberían estar vinculados á mesma empresa responsable dos mesmos.

As diferentes prestacións contempladas no obxecto do contrato están vinculadas entre si, son complementarias e non separables, polo que debe tratarse como unha unidade funcional.

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado, e por tramitación ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

c.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 99 e 102 da LCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, atópase determinado tendo en conta que o prazo máximo do contrato establécese nunha anualidade, o importe para a totalidade do contrato estímase en 27.738,42 € sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 5.825,07 € o cal totaliza un importe de 33.563,49 € con IVE (21%).

Atendendo as peculiaridades dos servizos obxecto deste contrato, o prezo do contrato determinarase en termos de prezos unitarios referidos a cada un dos conceptos vinculados o contrato e especificados no Prego de Prescricións Técnicas particulares.

Para a determinación do orzamento base de licitación, tómanse como referencia os custos medios de necesidades baseadas en servizos similares recollidos noutros expedientes tramitados polo servizo de deportes.

O presente contrato será calculado en base á referencia do prezo unitario para cada concepto, custes salariais e de seguridade social, Aluguer de equipamentos e gastos xerais e beneficio industrial, establecéndose como prezo de licitación para dito contrato o de 27.738,42 € sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 5.825,07 € o cal totaliza un importe de 33.563,49 € con IVE (21%).



Concello de Vigo

Gastos Directos	Gastos Indirectos	Custo unitario	Unidades	Custo total
Custes salariais traslado, montaxe e desmonte de equipamentos pers/horas/serv.		15,44 €	465	7.179,60 €
Aluguer camión podium		600,00 €	11	6.600,00 €
Aluguer palco configurable		450,00 €	2	900,00 €
Aluguer Arco de meta truss panelable		220,00 €	10	2.200,00 €
Aluguer Arco de meta hinchable		90,00 €	2	180,00 €
Aluguer valos altos 300cmx190cm		5,00 €	150	750,00 €
Aluguer Valos antipánico		3,50 €	1300	4.550,00 €
Aluguer Carpa plegable 3x3m		50,00 €	10	500,00 €
Aluguer xerador eléctrico		75,00 €	6	450,00 €
	Gastos xerais (13%)			3.030,25€
	Beneficio Industrial (6%)			1.398,58 €
TOTAL PREZO SEN IVE				27.738,42 €
IVE (21%)				5.825,07 €
TOTAL CON IVE				33.563,49 €

O importe para a totalidade do contrato estímase en 27.738,42 € sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 5.825,07 € o cal totaliza un importe de 33.563,49 € con IVA (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades:

Anualidades	Importe sen iva	IVA	Importe con IVA
2019	24.367,44 €	5.117,16 €	29.484,60 €
2020	3.370,98 €	707,91 €	4.078,89 €
Totais	27.738,42 €	5.825,07 €	33.563,49 €

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida:

3410	2260901	Organización de actividades deportivas
------	---------	--

O valor estimado do contrato establécese en 88.762,95€

O importe do contrato establécese de acordo cos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira contidos no artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, xa que os créditos que se prevén para este contrato para cada exercicio son análogos aos existentes en anteriores exercicios presupostarios co mesmo obxecto e non van a significar desequilibrio financeiro ningún tendo en conta que os prezos unitarios axústanse aos prezos de mercado, pois establecéronse coa experiencia adquirida na execución do vixente contrato.

d.- Revisión de prezos.

Non procede.

e.- Réxime de pagamento:

Pagaranse as facturas en función dos servizos efectivamente realizados consonte aos prezos unitarios fixados.

f.- Clasificación contratistas

Non procede.

g.- Solvencia económica e Financeira e solvencia técnica:

Solvencia económica e financeira:

- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao valor anual medio do contrato.

Solvencia técnica e profesional:

- Unha relación dos principais servizos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos



Concello de Vigo

(entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato.

Xustificación da solvencia:

Para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira, así como da técnica e profesional.

Os requisitos solicitados na presente contratación de conformidade co establecido no artigo 74 da LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais, considerándose deste modo que a aportación da requirida solvencia garantirá a capacidade do adxudicatario para contratar coa administración.

h.- Criterios de selección da oferta máis vantaxosa.

Prevese a valoración de múltiples criterios, en cumprimento do artigo 145.3 g) da LCSP:

h.1.- Avaliable mediante xuízo de valor:

Plan de execución do servizo; explícase como se vai valorar ata 25 puntos.

- Plan de montaxe; Valorarase ata 15 puntos.
- Plan de calidade, seguimento e control; Valorarase ata 10 puntos.

h.2.- Avaliables mediante fórmula:

- Porcentaxe de desconto único a aplicar aos prezos unitarios consignados, con excepción dos custes salariais: Valorarase ata un máximo de 49 puntos.
- Maior experiencia do responsable de coordinación das tarefas de montaxe e desmonte dos equipamentos e infraestruturas sobre o mínimo esixido no PPT: Valorarase ata un máximo de 26 puntos.
-

i.- Subcontratación.

Admítese a subcontratación. Non se reservan tarefas críticas

j.- Prazo de garantía:

Non procede pola propia natureza das prestacións.

k.- Garantía provisional e definitiva:

Non procede a constitución dunha garantía provisional e como garantía definitiva, o licitador que resulte adxudicatario provisional do contrato deberá prestar unha garantía do 5% do prezo de adxudicación do contrato (sen iva).

l.- Prazo de execución e si se prevén prórrogas do mesmo.

Establécese como período do contrato de acordo os límites contemplados no artigo 29 da L.C.S.P, o de un (1) ano, establecéndose dúas prórrogas de un ano cada unha.

Dado que é a primeira vez que se contrata a produción técnica de apoio á celebración de eventos deportivos de forma global para todos os eventos a realizar, parece aconsellable limitarse á produción dun ano, coa posibilidade de prorrogar ou non o contrato no caso de consideralo adecuado.

m.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato.

A empresa deberá dispoñer dun responsable da coordinación das tarefas de montaxe, desmonte e da seguridade dos equipamentos e infraestruturas cunha experiencia en tarefas similares de como mínimo 2 anos, que garantice o cumprimento íntegro das esixencias do contrato, tanto no relativo ós aspectos loxísticos como os de seguridade.

n.- Modificación do contrato.

Tendo en conta as peculiaridades do contrato, debe considerarse a opción de modificación do contrato en relación os seguintes criterios:

- Que se incorporen ao calendario de eventos anual novos eventos deportivos inicialmente non incluídos na planificación e que se consideren de interese para os cidadáns.
- Calquera proposta de modificación non poderá superar un incremento do 20% do importe do prezo da oferta do adxudicatario.

o.-Seguro:

O adxudicatario deberá ter subscrita unha póliza de seguro que cubra a responsabilidade civil por un importe mínimo de 1.200.000 euros derivada da execución do contrato. O sublímite por vítima será de 600.000 euros.

A empresa adxudicataria terá que presentar copia da póliza e copia do último recibo que xustifique que está ao corrente no pagamento da mesma.

3.- Proposta:

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación polo procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria da contratación para a produción técnica necesaria para a celebración de eventos deportivos vinculados co programa "Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo".



Concello de Vigo

- Segundo: Aprobar o Prego de prescrición técnicas particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a execución do servizo de produción técnica necesaria para a celebración de eventos deportivos vinculados co programa “Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo”. , asinado polo xefe do servizo de deportes-Director deportivo, con data 31 de xaneiro de 2019.
- Terceiro: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Xefa do servizo de Contratación con data 13 de febreiro de 2019.
- Cuarto: Autorizar o gasto polo importe máximo de **24.396,69€ sen iva**, e un importe correspondente o iva (21%) de **5.123,31 €** o cal totaliza un importe de **29.520,00 €** con IVE (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades:

Anualidades	Importe sen iva	IVE	Importe con IVE
2019	24.367,44 €	5.117,16 €	29.484,60 €
2020	3.370,98 €	707,91 €	4.078,89 €
Totais	27.738,42 €	5.825,07 €	33.563,49 €

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida:

3410	226.09.01	Organización de actividades deportivas
------	-----------	--

- Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(195).- NORMAS DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E MATRÍCULA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2019-2020. EXPTE. 23113/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 05/03/19, asinado pola xefa do Servizo de Educación, e pola concelleira-delegada de Educación, que di o seguinte:

O técnico superior de educación en data 28 de febreiro de 2019 emite o seguinte informe:

“O Concello de Vigo, a través do seu Servizo de Educación, xestiona actualmente, mediante os correspondentes contratos administrativos de xestión, oito Escolas Infantís do primeiro nivel 0-3 anos (Costeira-Saiáns, Casiano Martínez-Bouzas, Tomás Alonso, Santa Marta-Casco Vello, Atalaia-Teis, Santa Cristina-Lavadores, Mestres Goldar-Castrellos e Navia), ao abeiro da posibilidade contemplada no seu día polo artigo 15 da Lei Orgánica de Educación-LOE.

A Xunta de Goberno Local na súa sesión do 22 de febreiro de 2018 acordou aprobar as *Normas para a adxudicación de prazas nas escolas infantís municipais (0-3 anos) para o curso 2018-2019 (Expte 21809/332)*. Este Servizo de Educación Municipal anualmente vén acolléndose ás distintas convocatorias de subvención da Xunta de Galicia que concretan a definición de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes das corporacións locais. Unha das obrigas específicas que deben ter en conta estes equipamentos infantís é a obrigatoriedade tal como é o caso da Rede de EIM, de igualar a puntuación das solicitudes de novo ingreso ao baremo de criterios preferentes que propón a administración competente, ao abeiro da Orde anual pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Política Social. De conformidade con esto, o Servizo Municipal de Educación, está na obriga de publicar, con carácter anual, unha Norma que ordene e regule o proceso para a adxudicación de prazas e matriculación nas escolas infantís municipais.

Polo demais, as normas para o vindeiro curso incorporan, como novidade salientable verbo das anteriores, a necesidade de cubrir o Formulario de Solicitud na propia web específica (www.escolasvigo.org/reim), así como a posibilidade de facer todo o procedemento online, mediante o escaneado da documentación necesaria e a súa tramitación na sede electrónica do Concello de Vigo, procedemento desenvolvido en colaboración co departamento municipal de Administración Electrónica. Asimesmo, especificácase claramente que a documentación básica para formalizar a solicitude sera: copia dos DNIs e Vida laboral dos proxenitores ou representantes legais do neno/a que solicita praza, así como Libro de familia. Outras circunstancias valorables, deberán ser convenientemente acreditadas.”

As competencias municipais en materia de educación son as recollidas no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases del Réximen Local (LRBRL), conforme a redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece como competencia propia:

“n) Participar en la vigilancia del cumplimiento de la escolaridad obligatoria y cooperar con las Administraciones educativas correspondientes en la obtención de los solares necesarios para la construcción de nuevos centros docentes. La conservación, mantenimiento y vigilancia de los edificios de titularidad local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial.”

A Lei 5/1997, de 22 de xulio, de Administración Local de Galicia, regula como competencias propias no apartado 2 do artigo 80:



Concello de Vigo

“ ñ) A participación na programación da educación e a cooperación coa Administración educativa na creación, construción e mantemento dos centros docentes públicos, a intervención nos órganos de xestión dos centros docentes e a participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.

o) A execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade.”

Se ben as competencias das corporacións locais en materia de educación son as sinaladas no referido artigo 25.2 n) da lei 7/85, e 80.2 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, compre citar a disposición adicional cuarta da Lei do Parlamento de Galicia 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, relativa á asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais, de acordo coa cal: «1. As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán sendo prestadas polos municipios en tanto no se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómica e das facendas locais previsto na mesma».

En consecuencia e unha vez incorporado o proxecto de Normas para o curso 2019-2020 que se achega no expediente elevase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

1. Aprobar as Normas para a adxudicación de prazas e matrícula nas Escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 2019-2020, conforme ao texto que se xunta a esta proposta de acordo.
2. Facultar á concelleira de Educación para que realice a convocatoria de presentación de solicitudes para as Escolas Infantís Municipais para o curso 2019-2020, de acordo co calendario previsto nas Normas citadas.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E MATRÍCULA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS 0-3 (EIM) PARA O CURSO 2019-2020

PRIMEIRA.- Obxecto

Estas Normas teñen por obxecto regular o procedemento de adxudicación de prazas e matrícula na **Rede de Escolas Infantís Municipais 0-3 (REIM)** dependente do Servizo de

Educación do Concello de Vigo para o curso 2019/2020 e establecer a convocatoria e calendario do procedemento. Conforman a REIM as seguintes escolas infantís municipais: Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis, Santa Marta-Casco Vello, Costeira-Saiáns, Bouzas, Tomás Alonso, Mestres Goldar-Castrelos e Navia.

SEGUNDA.- Requisitos para ser adxudicatario

Serán requisitos imprescindibles para ser adxudicatarios de prazas nas EIM:

1. Que o/a neno/a estea empadronado en Vigo e teña nacido antes do vencimento do prazo establecido no punto 8.A.2C destas Normas.
2. Idade do/a neno/a
 - Ter unha idade mínima de tres meses na data de ingreso na escola na que obteña praza
 - Non ter cumpridos 3 anos o 31 de decembro de 2019

Este prazo poderase ampliar un ano máis para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, logo da emisión do ditame do equipo de orientación específica da xefatura territorial correspondente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, por petición das/dos nais/pais, ou titores/as legais a través da escola onde renoven a praza, quen proporcionará á familia a información e orientación necesarias sobre o procedemento a seguir nestes casos.
3. Para a reserva de praza é requisito imprescindible estar ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.
4. No caso de integrarse nenas/os con necesidades específicas de apoio educativo, en ningún caso poderá haber máis dunha nena ou dun neno con estas necesidades por aula. Para efectos de ratio, estas prazas contabilizaranse como dúas.

TERCEIRA.- Criterios de prioridade para a adxudicación de prazas

As prazas adxudicaránse por esta orde:

A) Reserva de praza

Teñen preferencia as reservas de praza de nenos/as matriculados/as no curso 2018/2019, sempre que reúnan os requisitos establecidos nestas Normas e soliciten a reserva na mesma quenda.

Poderá reservarse praza noutra escola da REIM, ás familias que xustifiquen un cambio de domicilio, cando existan prazas suficientes, logo de rematado o proceso de renovación de praza do alumnado da propia escola.

B) Novo ingreso

Pódese solicitar praza en calquera das escolas da REIM de Vigo. Os/As solicitantes deberán, se é o caso, marcar por orde de preferencia dúas opcións como máximo.



Concello de Vigo

No caso de marcar máis dunha escola, só poderá facerse na mesma quenda en todas elas.

As solicitudes seguirán a seguinte orde:

1. Os/as fillos/as do persoal da REIM, cando soliciten a praza no centro onde presta servizo a/o nai, pai, titora ou titor legal.
2. Os/as irmáns/ás de alumno/a con praza, renovada ou de novo ingreso na EIM para a que solicitan praza.

As prazas que queden vacantes adxudicaranse aos/ás solicitantes segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo que figura no Anexo 1 destas Normas. Esta puntuación determinará a orde de prelación na adxudicación das prazas para calquera das dúas opcións solicitadas, así como para a lista de espera resultante.

C) Solicitudes fóra de prazo

Unha vez rematado o prazo de matrícula e asignadas as vacantes, o período de solicitude permanecerá aberto, de xeito extraordinario e con carácter xeral, a partir do mes de setembro e ata o mes de decembro (ampliable ata o mes de febreiro de 2020 só para os/as nenos/as nados no ano 2019), no caso de existiren prazas dispoñibles na aula e na escola onde se solicita a praza.

CUARTA.- Horario e calendario das EIM

1. Horario

As EIM, con carácter xeral, dispoñen dun horario continuo de 07.30 h a 20.00 h, dende o mes de setembro ata o mes de xullo, ambos inclusive.

As/os usuarias/os dentro do horario de apertura do centro terán que optar polas seguintes quendas tendo en conta as horas máximas e mínimas permitidas:

QUENDA	Mañá	Tarde	Contínuo (*)
HORARIO	07:30 a 15:45 h.	16:00 a 20:00 h.	09:00 a 17:00 h
(*) Só dispoñible para a EIM Costeira-Saiáns			10:00 a 18:00 h

Para posibilitar a boa marcha das escolas:

- ◆ A entrada pola mañá realizarase entre as 07:30 e as 09:00 horas.
- ◆ A saída do centro para a quenda de mañá será entre as 15:30 e as 15:45 horas.
- ◆ Na EIM Costeira-Saiáns a hora de entrada prolongarase ata as 10:00 horas.
- ◆ A entrada pola tarde será as 16:00 horas.

- ◆ A saída do centro para a quenda da tarde será entre as 19:45 e as 20:00 horas.
- ◆ A quenda de mañá inclúe o servizo de comedor e a quenda de tarde o servizo de merenda.

HORARIOS ESPECIAIS

Dentro deste horario de funcionamento dos centros, fíxase un horario de permanencia máximo e mínimo, das cativas e cativos na escola:

- ◆ Permanecerase na escola un mínimo de 4 horas e un máximo de 8 horas.
- ◆ En circunstancias excepcionais, debidamente acreditadas, o horario poderase ampliar ou reducir, trala correspondente solicitude e posterior valoración técnica das circunstancias das e dos menores, mediante Resolución da concelleira de Educación do Concello de Vigo.

Con motivo de desenvolver as sesións de traballo trimestrais do equipo educativo das escolas para a preparación da programación, os centros pecharán ás 19:00 h, os días que propoña cada escola á aprobación do Consello Escolar.

2. Calendario

Os centros permanecerán abertos de luns a venres, excluídos os días considerados festivos no calendario laboral e as festas laborais de carácter local, así como o Día do Ensino e os días 24 e 31 de decembro.

O curso escolar comezará o día **5 de setembro de 2019**.

O alumnado poderá asistir ao centro un máximo de 11 meses dentro do período comprendido entre o 5 de setembro de 2019 a 31 de xullo de 2020.

QUINTA.-Prestacións

A matriculación e tarifas inclúen en todos os casos os seguros obrigatorios, horario amplo, servizo de comedor e de orientación.

SEXTA.- Prezos

- Os prezos que deberán pagar os/as usuarias/os son os establecidos na Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo das Escolas de primeira etapa de Educación infantil (Ordenanza nº 23, ano 2019), coas exencións e bonificacións nela contidas. Para o curso 2019-2020 son as seguintes:

Renda per cápita mensual	Matrícula	Mensualidade
Ata 327,83 €	Exento/a	Exento/a



Concello de Vigo

Ata 512,92 € familias numerosas	Exento/a	Exento/a
Entre 327,83 e 391,00€	49,6	49,6
Entre 391,01 e 461,00€	74,4	74,4
Entre 461,01 e 534,00€	99,2	99,2
Maior de 534,00 €	124	124

2. Estarán exentos das taxas reguladas en dita ordenanza, os nenos e nenas que pertencen a familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 3.934 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes.

No caso dun menor de 25 anos con un grao de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,35 Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único receptor de ingresos e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase aos ingresos brutos o coeficiente 0,55. Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

No caso de que o/a pai, nai, titor/a levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.

3. Estarán exentos do pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza os nenos e nenas que pertencen a familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais, per cápita inferiores a 6.155 €.
4. A inasistencia da/o usuaria/o durante un período determinado, mentres non se formalice a baixa correspondente, non supón redución ningunha nin exención do pagamento do prezo establecido coas seguintes excepcións:
 - a) Cando a/o nena/o por motivos de saúde deixe de asistir ao centro temporalmente, neste caso, estarán exentos de aboar a cota mensual desde o primeiro día do segundo mes natural seguinte á data de comezo do período de ausencia. Esta suspensión temporal durará ata o día primeiro do mes natural en que a/o usuaria/o se reincorpore ao centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%. Nestes casos a solicitude de exención do pagamento, durante o período que corresponda, xunto coa acreditación documental da

circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o Servizo Municipal de Educación.

- b) Nos supostos das solicitudes formuladas fóra de prazo previstos nesta Norma, o aboamento do prezo será desde o mes no que se lle concede a praza. Se a incorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%.
 - c) No suposto de familias que non teñan previsto a asistencia dos seus fillos/as durante o mes de xullo, deberán comunicalo á dirección da correspondente escola infantil municipal con anterioridade ao día 30 de xuño. Neste caso, deixarase de emitir a estas familias o recibo do mes de xullo, ben na súa totalidade, ben na metade do seu importe, dependendo do período previsto de inasistencia.
5. Ao longo do curso poderase proceder á revisión do prezo fixado inicialmente cando concorran e se xustifiquen algún dos seguintes casos:
- a) A modificación nos ingresos dalgún membro da unidade familiar, modificación que teña, cando menos, unha duración de 4 meses para ser tidas en conta, xustificándose coa declaración do IRPF, certificado emitido pola Axencia Tributaria, nóminas ou certificado do INEM que acredite se é beneficiario/a de prestación de desemprego.
 - b) A variación no número de membros da unidade familiar.
6. Terá unha bonificación do 35% no importe das taxas o alumnado que só poida ser admitido polo Concello de Vigo en horario reducido ou diferente do solicitado. Esta bonificación aplicarase durante o tempo no que persista esta situación excepcional.
7. As familias que non aporten a documentación xustificativa da situación económica familiar, aplicaráselles, se é o caso, a cota máxima en concepto de matrícula.

SÉTIMA.- Renda per capita mensual

1. Para a determinación do importe da renda per cápita da unidade familiar computarase o seguinte:
- a) O importe dos ingresos totais das rendas do exercicio anterior de cada un dos membros da unidade familiar, que será o resultado da suma da base imponible xeral coa base imponible do aforro, segundo o criterio establecido na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF). Para o cálculo desta cota tomarase a declaración do IRPF correspondente ao ano 2017.
 - b) O importe anterior dividirase polo número de membros da unidade familiar.
No caso de familias monoparentais, incrementarase en 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.
 - c) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior entre doce.



Concello de Vigo

2. Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente, ou análoga relación de afectividade, e:
 - as/os fillas/os menores, con excepción de quen, con consentimento das/s nais, pais, vivan independentes destas/es.
 - as/os fillas/os maiores de dezaoto anos cun grao de discapacidade superior ao 33% ou con incapacitación xudicial, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
3. Entenderase por familia monoparental cando forme parte dela unha única persoa proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e as/os fillas/os menores ao seu cargo, sempre que a outra proxenitora non contribúa economicamente ao seu sostento.

Cando as circunstancias concorrentes no momento da presentación da solicitude de praza non coincidan coa declaración do IRPF, teranse en conta estas últimas, tanto para o cálculo da renda per cápita como para a aplicación de baremo e dos distintos descontos. En todo caso, estas circunstancias deberán xustificarse documentalmente no seu momento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo a situación existente no periodo de solicitude de praza.

OITAVA.- Solicitudes, documentación e prazo de presentación

A) SOLICITUDES

As/os interesadas/os deberán solicitar praza a través do Formulario de Solicitude normalizado dispoñible na páxina web www.escolasvigo.org/reim. Para aquelas persoas que podan ter dificultades para acceder a esta páxina web, no propio servizo municipal de Educación terán a disposición os dispositivos necesarios para a súa cumprimentación, así como axuda e asesoramento.

1.- Solicitudes de renovación

O alumnado que xa estivese matriculado nas escolas o curso anterior, cumpra os requisitos de idade especificados, e se atope ao día no pago das cotas, manterá o seu dereito á praza para o curso 2019-2020 na quenda na que estivera matriculado no curso 2018-2019.

As solicitudes deberán presentarse na propia escola, utilizando o impreso específico de renovación que entregará a dirección do centro a cada familia.

As familias dos/as nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo escolarizados/as durante o curso 2018/2019 que tivesen cumprido os tres anos a 31 de decembro de 2018, poderán solicitar a súa permanencia na escola durante un curso máis, para o que deberán presentar a solicitude de renovación xunto co

informe de valoración da dirección da escola sobre a súa evolución e os informes dos/as profesionais que leven o seguimento do/a neno/a.

2.- Solicitudes de novo ingreso

Unha vez cuberto o Formulario de Solicitud de da web www.escolasvigo.org/reim, a súa presentación poderase facer por dúas vías:

a) Solicitud presencial – Rexistro Xeral. Unha vez cuberto o Formulario de Solicitud seguindo as instrucións que se indican na web www.escolasvigo.org/reim, deberase imprimir o documento resultante e, xunto coa documentación requirida, presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos lugares establecidos no art. 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas).

b) Solicitud telemática – Rexistro Electrónico

(Consulte "Sistemas de sinatura aceptados" na sede electrónica do Concello de Vigo).

Unha vez cuberto o Formulario de Solicitud seguindo as instrucións que se indican na web www.escolasvigo.org/reim, deberase acceder ao procedemento "Solicitud de praza nas escolas infantís municipais", na sede electrónica do Concello de Vigo (www.vigo.org/solicitud-eim), onde haberá que incorporar o arquivo resultante do proceso anterior (Formulario de Solicitud) e pulsar tramitar; poderase descargar entón o xustificante do Rexistro.

c) Con carácter extraordinario, permitirase solicitar praza para nenos/as non nados, cuxo nacemento estea previsto para antes do **5 de xuño de 2019**, data tope de nacemento para a súa posible admisión, e sempre que presenten a solicitud de praza dentro dos prazos previstos nesta Norma.

B) DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

A documentación que en cada caso corresponda presentar, poderase achegar electronicamente (mediante o seu escaneado) no lugar indicado do Formulario de Solicitud, ou ben presentar fisicamente en papel á hora de realizar a solicitud presencial. O Concello de Vigo poderá solicitar, en calquera momento, os orixinais dos documentos achegados.

1. Alumnado procedente do curso 2018-2019:

Presentarán documentación só no caso de que teñan que acreditar cambios na situación socio-económica da unidade familiar

2. Alumnado de novo ingreso:

As persoas interesadas deberán presentar, acompañando o Formulario de Solicitud, a seguinte documentación:

a) Fotocopia do Documento nacional de identidade (DNI) ou outro documento acreditativo da identidade da nai e do pai, ou dos representantes legais, segundo proceda.



Concello de Vigo

- b) Fotocopia do libro de familia completo ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.
- c) Vida laboral actualizada da nai e do pai ou representantes legais.

SITUACIÓN LABORAL

Só para familias que necesiten xustificar situacións laborais diferentes ou recentes:

No caso de persoas traballadoras, por conta allea, en situación de alta recente:

- Copia das dúas últimas nóminas

No caso de persoas desempregadas, deberán presentar:

- Certificación do INEM que acredite se é beneficiario/a ou non da prestación de desemprego.

No caso de solicitantes que perciban Risga

- Certificación acreditativa

Naqueles casos nos que, por distintas razóns, non se poidan acreditar as rendas das/os nais/pais por falta de acreditación documental, será preciso un informe dos Servizos sociais.

SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR:

Só para as familias que necesiten xustificar incidencias familiares, económicas e sociais puntuables no baremo:

Acreditación da condición de familia numerosa:

- Fotocopia do Título de familia numerosa.

Acreditación da condición de familia monoparental:

- Sentenza de separación ou divorcio, convenio regulador ou resolución xudicial de medidas paterno-filiais.
- Certificado administrativo de monoparentalidade expedido pola Comunidade Autónoma

Acreditación da condición de minusvalía:

- Certificado do recoñecemento do grao de discapacidade e/ou dependencia da/do nai, pai, titora ou titor legal e/ou outros membros da unidade familiar.
- Grado de discapacidade e/ou dependencia do/da neno/a para quen se solicita praza.

A falta de presentación dalgún destes documentos dentro do prazo de solicitude establecido, suporá a renuncia implícita á súa valoración no epígrafe "situación socio-familiar" do baremo que se recolle o Anexo 1.

C) PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes establécese do **11 ao 27 de marzo de 2019**

NOVENA.- Tramitación

1. O Concello de Vigo procederá á consulta e verificación telemática dos datos fiscais da Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) da persoa solicitante e do seu cónxugue ou parella, correspondentes ao ano 2017, agás oposición expresa do interesado, que reflectirá no apartado correspondente no Formulario de Solicitud; neste caso, deberán achegar copia da última Declaración da Renda de todos os membros da unidade familiar.

Asimesmo, para a tramitación deste procedemento, consultarase automaticamente os datos incluídos no Padrón Municipal.

No suposto de non poder obter os datos do órgano competente poderase requirir á persoa interesada a súa presentación.

2. O Servizo de Educación do Concello de Vigo comprobará que as solicitudes reúnen os requisitos recollidos nesta Norma. De non ser así, requirirase a/o interesada/o para que, nun prazo de dez días naturais, achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixese así, se terá por desistido da súa petición.

O Servizo Municipal de Educación poderá reclamar en calquera momento todos aqueles datos, e a súa debida acreditación documental, que considere precisos para unha mellor e máis eficaz realización do seu cometido.

3. A documentación complementaria ou requirida polo Servizo de Educación presentarse preferiblemente por vía electrónica no correo "eim@vigo.org" ou presencialmente no Servizo de Educación (planta 11) do Concello de Vigo, en ámbolos dous casos indicando o número de Rexistro da solicitude.
4. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. O Concello de Vigo poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o seu cotexo.
5. No caso de familias de nenos e nenas con necesidades específicas que solicite ampliación do prazo de escolarización, será a propia escola quen remitirá a solicitude xunto co resto da documentación á Xefatura Territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o seu traslado ao equipo de orientación específico, que emitirá o correspondente ditame de escolarización.

DÉCIMA.- Avaliación das solicitudes

1. A selección das solicitudes efectuarase en función da puntuación acadada segundo o baremo establecido no Anexo 1 destas Normas, mediante o que se avaliarán os



Concello de Vigo

factores socioeconómicos, familiares e laborais da unidade familiar. No caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per capita máis baixa.

2. Aplicaráselles a todas as solicitudes recibidas un procedemento de valoración. Con tal fin constituirase unha comisión de baremación e selección coa seguinte composición para cada Escola Infantil Municipal:
 - Presidencia: A xefa do Servizo Municipal de Educación ou persoa en quen delegue.
 - Vogais: o/a director/a do centro, o/a representante das/os nais/pais das/os nenas/os no Consello Escolar do Centro do que se estean a baremar as solicitudes, e un funcionario/a do Servizo Municipal de Educación, que actúa de secretario/a, nomeado pola concelleira de Educación.

Os acordos tomaranse por maioría simple, e resolverá, en caso de empate, a presidencia.

3. Unha vez baremadas as solicitudes, a comisión elevará a proposta de selección á concelleira de Educación que resolverá a lista provisoria de admitidos/as.

Listas provisionais

A relación provisional de admisións e lista de agarda, coas puntuacións obtidas farase pública na páxina web www.escolasvigo.org/reim e nas respectivas Escolas Infantís Municipais, o **día 13 de maio de 2019**.

UNDÉCIMA.- Reclamacións

As/os solicitantes poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas no prazo de dez (10) días naturais posteriores á data da exposición pública da relación provisional.

Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

DUODÉCIMA.- Resolución

Unha vez comprobadas as reclamacións presentadas contra a relación provisional, correspóndelle á concelleira de Educación a aprobación da relación definitiva de admitidas/os e a lista de agarda coa puntuación obtida, así como a cota mensual que corresponda aboar en cada caso. Desta resolución dará conta á Xunta de Goberno Local seguinte.

Listas definitivas

A relación definitiva de admisións e lista de agarda, coas puntuacións obtidas farase pública na páxina web www.escolasvigo.org/reim e nas respectivas Escolas Infantís Municipais, o **día 7 de xuño de 2019**.

DÉCIMO TERCEIRA.- Matrícula

1. As familias de nenas/os admitidas/os formalizarán a reserva de praza na escola onde obtivesen a praza, presentando o Impreso de aceptación de praza (Anexo 2), así como, de ser o caso, realizar o pagamento da matrícula correspondente; en caso contrario perderán automaticamente o dereito á praza.
2. A formalización da matrícula no prazo sinalado é imprescindible para confirmar a praza. Se non se realiza a matrícula da/o nena/o no prazo sinalado, considérase decaída/o na súa solicitude.
3. Con carácter xeral, o prazo máximo para resolver o procedemento previsto nesta convocatoria será de 6 meses, contados a partir do día seguinte ao da aprobación destas Normas. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas.

Pago da matrícula

Para formalizar, de ser o caso, o pago da matrícula deberase proceder á liquidación da taxa correspondente, seguindo as instrucións que se indican no procedemento "Pago de matrícula" que estará dispoñible na web www.escolasvigo.org/reim.

Prazo para a formalización de matrícula

O prazo para formalizar a matrícula comprenderá dende o **10 ao 21 de xuño de 2019**.

DÉCIMO CUARTA.- Lista de agarda

1. A lista de agarda estará constituída polas/os solicitantes que non obteñen praza en ningunha das escolas solicitadas, ordenadas/os segundo a puntuación acadada no baremo de admisión.
2. As vacantes que se vaian producindo ao longo do curso en calquera das Escolas Infantís, serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre as/os solicitantes en lista de agarda.
3. As/os solicitantes que obteñan praza e renunciem a esta, quedarán excluídos tamén da outra opción solicitada.
4. As familias en lista de agarda terán preferencia sobre as que se presenten fóra de prazo, referido no punto C da Norma 3ª.

DÉCIMO QUINTA.- Publicidade

A relación provisoria de admitidas/os, lista de agarda e lista definitiva, coa puntuación obtida, publicarase no Servizo Municipal de Educación, na páxina web www.escolasvigo.org/reim e nas respectivas Escolas Infantís Municipais.



Concello de Vigo

DÉCIMO SEXTA.- Baixas

1. Causarase baixa nas escolas infantís por algunha das circunstancias seguintes:
 - a) Polo cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.
 - b) Pola solicitude das/os nais/pais ou representantes legais.
 - c) Polo non pagamento do prezo establecido durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar a que se refire a débeda, sen prexuízo da reclamación da débeda polo procedemento regulamentariamente establecido.
 - d) Pola comprobación de falsidade nos documentos ou datos achegados.
 - e) Pola incompatibilidade ou inadaptación manifesta para permanecer no centro.
 - f) Pola falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada.
 - g) Polo reiterado incumprimento da puntualidade na asistencia e/ou recollida do/da menor sen causa xustificada.
 - h) Polo incumprimento reiterado da normativa reguladora da Rede de Escolas Infantís Municipais do Concello de Vigo (as presentes Normas e os correspondentes Regulamentos de Réxime Interno das escolas).
2. Cando se produza unha falta de asistencia prolongada, deberá presentarse, con periodicidade mensual, a documentación acreditativa da causa que a produce. O incumprimento desta obriga será causa de baixa.
3. As baixas motivadas polo establecido nas liñas c), e), f), g) e h), resolveraa concelleira delegada da Área de Educación tralo informe da dirección do centro onde esté a/o nena/o matriculada/o e o informe técnico do Servizo de Educación municipal.
4. As baixas producidas ao longo do curso escolar, por calquera dos motivos anteriormente expostos, cubriranse coas/os solicitantes que figuren en lista de agarda en cada grupo de idade, por rigorosa orde de puntuación.

DÉCIMO SÉTIMA.- Protección de datos

Os datos persoais recollidos no formulario normalizado de solicitude de praza, indispensables para a xestión desta convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos da xestión deste procedemento en cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable destes datos. A lexitimación do tratamento dos datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas na solicitude de praza na Rede de escolas infantís municipais.

Os datos serán obxecto de cesión ás empresas adjudicatarias da xestión de cada escola, que asumen expresamente as responsabilidades como encargadas do tratamento. Poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

DÉCIMO OITAVA.- Regulamento xeral

Estas Normas serán de aplicación ao curso 2019-2020. No non recollido nas mesmas estarase ao disposto na lexislación xeral en materia de educación e ao Regulamento xeral da Rede de Escolas Infantís Municipais que, se é o caso, aprobe o Concello de Vigo.

A concelleira delegada da Área de Educación, en virtude das súas competencias, poderá dictar as resolucións e instrucións oportunas para o correcto desenvolvemento destas Normas.

ANEXO 1

NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS (EIM) PARA O CURSO 2019/2020

BAREMO

BAREMO DE APLICACIÓN	PUNTO S
SITUACIÓN ECONÓMICA (RPC mensual da unidade familiar referida ao IPREM vixente) (O IPREM ANUAL PARA 2019 É DE 7.519,59 €)	
Inferior ao 30% do IPREM	4
Entre o 30% e o 50% do IPREM	3
Entre o 50% e o 75% do IPREM	2
Entre o 75% e o 100% do IPREM	1
Entre o 100% e o 125% do IPREM	-1



Concello de Vigo

Entre o 125% e o 150% do IPREM	-2
Entre o 150% e o 200% do IPREM	-3
Superior ao 200% do IPREM	-4
SITUACIÓN LABORAL (só se poderá obter puntuación por un dos epígrafes seguintes)	
Situación laboral de ocupación: <ul style="list-style-type: none">• Nai• Pai Nas familias monoparentais, esta puntuación asimíllase á formada por dous membros	7 7
Situación laboral de desemprego: <ul style="list-style-type: none">• Nai• Pai Nas familias monoparentais, esta puntuación asimíllase á formada por dous membros	2 2
Persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción (Risga) <ul style="list-style-type: none">• Nai• Pai Nas familias monoparentais, esta puntuación asimíllase á formada por dous membros	3 3
SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR	
Por cada membro da unidade familiar	2
Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea a cargo desta	1
No caso de que a/o nena/o para a/o que se solicita praza nacesse nun parto múltiple	1
Por cada membro da unidade familiar, afectado por discapacidade, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia	2
Por condición de familia monoparental	3
Por condición de familia numerosa	3
Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais	6

Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas:

Ata 3

ANEXO 2

DOCUMENTO DE ACEPTACIÓN DE PRAZA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO PARA O CURSO 2019/2020

Dna

e D.

na súa calidade de nai/pai/representante legal do/a neno/a

.....

pola presente manifiestan:

1º) Que aceptan a praza outorgada polo Concello de Vigo para o curso 2019-2020 na EIM

.....

a nome do/a neno/a

.....

na quenda de, dacordo co indicado nas Listas Definitivas publicadas polo Concello de Vigo o 7 de xuño de 2019.

Esta praza dá dereito ao disfrute, por parte do/a menor citado/a neste documento, das prestacións e servizos incluídos na oferta da Rede de Escolas Infantís Municipais, de carácter educativo e asistencial (de conformidade co establecido no Decreto 329/2005, que regula os centros de atención á infancia), entre os que se inclúen o almorzo e xantar, nas quendas de mañá, e merenda, nas quendas de tarde.

2º) Que aceptan o indicado nas Normas e Regulamento de Réxime Interno das Escolas Infantís Municipais, un resumo das cales manifiestan recibir.

3º) Que autorizan a que o/a neno/a sexa recollido/a, na escola infantil, polas persoas así autorizadas segundo modelo á súa disposición nas propias escolas infantís municipais, que poderá ser revocado e/ou modificado cando os representantes legais así o decidan.

4º) Que (si/non) autorizan ao/á neno/a a saír da Escola infantil para participar nas actividades complementarias/extraescolares programadas.

5º) Que (si/non) autorizan á toma e publicación de imaxes do/a neno/a polos responsables da Escola infantil.

6º) Que (si/non) autorizan a que ao/á neno/a se lle administre medicación no suposto de que sexa imprescindible e conte coa perceptiva prescripción facultativa na que conste as horas de administración e a dose correspondente.



Concello de Vigo

O que, en proba de conformidade, asinan en Vigo, a de de 2019

Os representantes legais da persoa usuaria,

9(196).- CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-C-6. EXPTE. 9079/224.

A Xunta de Goberno local retira o expediente da orde do día.

10(197).- BASES REGULADORAS ESPECIFICAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPORADA 2018/2019. EXPTE. 9034/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 01/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 22/02/19, asinado pola axente de Igualdade, a xefa de Igualdade, a asesora xurídica do Servizo a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Este expediente recolle as bases reguladoras e a convocatoria específica para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas que promovan o deporte feminino (licencias femininas en equipos ou en categorías individuais), teñan o seu enderezo social en Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro e reúnan os requisitos establecidos nestas bases, co obxecto de contribuír a financiar os gastos ocasionados polo seu funcionamento e a súa actividade deportiva na tempada 2018/2019, ou do ano 2019 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

O deporte é un pilar básico para a saúde e o benestar, tanto físico como psicolóxico, que potencia a estima das persoas que o practican, ao igual que o coñecemento do seu propio corpo, motivando un estilo de vida con hábitos saudables. Asemade, o deporte é un medio para afirmar a personalidade dun xeito integral, que lle aprende a quen o practica cualidades como o liderado, a autosuperación, o compañeirismo e a autoestima. O deporte tamén é un espazo socializador que axuda na prevención de prácticas discriminatorias e violentas e a súa práctica, en igualdade de condicións para mulleres e homes, repercute nunha sociedade máis igualitaria.

Porén, o acceso e a participación das mulleres ao ámbito deportivo foi tardío e, aínda hoxe, a súa presenza é menor en case todas as modalidades de práctica recreativa, competitiva e/ou profesional, así como en todas as estruturas que conforman o sistema deportivo. Xeralmente, as nenas, a partir dos doce anos de idade, abandonan de xeito preocupante as prácticas deportivas, renunciando aos seus beneficios físicos e psíquicos, nunha idade

especialmente importante para formar a personalidade. Como ocorre noutros ámbitos, as mulleres deben superar barreiras e estereotipos que limitan a súa participación no deporte e xeran desigualdade.

No deporte federado a presenza das mulleres e de nenas segue sendo minoritaria producíndose unha clara segregación horizontal e vertical. Esta realidade é patente no ámbito estatal, autonómico e municipal: os datos que reflicten a escasa participación de mulleres e nenas nas entidades deportivas da cidade son semellantes en Galicia e en España, en termos porcentuais. Isto avala que non se trata dunha situación puntual, ou froito do azar, senón que responde a mecanismos de desigualdade directos e indirectos aínda existentes na sociedade.

Tamén é salientable a menor repercusión que ten nos medios de comunicación a participación deportiva e os logros conseguidos por mulleres ou nenas deportistas. As competicións masculinas adoitan contar con maior impacto social, recursos e interese que os realizados por mulleres; esta invisibilización repercute de forma negativa na percepción das deportistas sobre a súa práctica, inflúe tamén minorando a afluencia de público nas competicións femininas; limita o acceso ao financiamento dos propios clubs e equipos con licencias femininas e por último, o feito de ter menos referentes de mulleres deportistas reflectidas nos medios, un dos principais axentes socializadores, obstaculiza o acceso á participación de nenas e mulleres na práctica deportiva.

Todo o exposto confirma que as mulleres non teñen as mesmas oportunidades que os homes neste eido e avala a necesidade de establecer políticas públicas tendentes a corrixir esa situación de desigualdade, axuden a remover estes obstáculos e promovan o acceso, permanencia e promoción das nenas, adolescentes e mulleres na práctica deportiva.

A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva de mulleres e homes. No ámbito do deporte, establece no seu artigo 29 que *“todos os programas públicos de desenvolvemento do deporte incorporarán a efectiva consideración do principio de igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no seu deseño e execución; así como: “o Goberno promoverá o deporte feminino e favorecerá a efectiva apertura das disciplinas deportivas as mulleres, mediante o desenvolvemento de programas específicos en todas as etapas da vida e en todos os niveis, incluídos os de responsabilidade e decisión.”*

A esta finalidade da convocatoria refírense os artigos 25.2 apartado l) e apartado o) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 80.2. “n” e “o” da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Por todo o exposto, o Concello de Vigo, pretende promover o deporte feminino a través do apoio ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres na competición das distintas disciplinas deportivas. No ano 2017, a Concellería de Igualdade, a través da convocatoria de subvencións específica, destinou 27.000 € para esta finalidade e foron beneficiarias desta liña de subvencións un total de 56 entidades deportivas. No ano 2018 incrementouse esta cantidade a 45.000 €, que foi distribuído entre 66 entidades deportivas.



Concello de Vigo

Para este mesmo fin, destínase no ano 2019 un crédito máximo de 45.000,00 € que se fará efectivo con cargo á partida específica 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrência e obxectividade. As bases e a convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión

En relación ao cumprimento dos procedementos para a concesión en réxime de concorrência competitiva establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente considera os principios recollidos no artigo 20 da citada lei e asemade, recolle os mecanismos establecidos na Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia do réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións vixentes na materia; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o exercicio 2019; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En data 20 de febreiro de 2019, procedeuse a modificar as Bases e anexos da convocatoria, seguindo indicacións do departamento de Fiscalización e Intervención, que se incorporaron ao expediente.

Polo exposto, e previo o preceptivo informe xurídico e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Aprobar as Bases reguladoras específicas da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2018/2019 que se incorporan ao expediente.

SEGUNDO: Aprobar o texto da convocatoria de subvencións a entidades deportivas para a promoción do deporte feminino na tempada 2018/2019, e o extracto da mesma, (incorporados ao expediente) que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, en base ó establecido na Resolución do 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

TERCEIRO: Aprobar a autorización de gasto, por importe máximo de 45.000,00€ (corenta e cinco mil euros), que se imputará con cargo á partida presupostaria 2311 4890000 “Promoción da igualdade e do deporte feminino” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2018/2019. EXPTE. 9034-224

O deporte é un pilar básico para a saúde e o benestar, tanto físico como psicolóxico, que potencia a estima das persoas que o practican, ao igual que o coñecemento do seu propio corpo, motivando un estilo de vida con hábitos saudables. Asemade, o deporte é un medio para afirmar a personalidade dun xeito integral, que lle aprende a quen o practica cualidades como o liderado, a autosuperación, o compañeirismo e a autoestima. O deporte tamén é un espazo socializador que axuda na prevención de prácticas discriminatorias e violentas e a súa práctica, en igualdade de condicións para mulleres e homes, repercute nunha sociedade máis igualitaria.

Porén, o acceso e a participación das mulleres ao ámbito deportivo foi tardío e, aínda hoxe, a súa presenza é menor en case todas as modalidades de práctica recreativa, competitiva e/ou profesional, así como en todas as estruturas que conforman o sistema deportivo. Xeralmente, as nenas, a partir dos doce anos de idade, abandonan de xeito preocupante as prácticas deportivas, renunciando aos seus beneficios físicos e psíquicos, nunha idade especialmente importante para formar a personalidade. Como ocorre noutros ámbitos, as mulleres deben superar barreiras e estereotipos que limitan a súa participación no deporte e xeran desigualdade.

No deporte federado a presenza das mulleres e de nenas segue sendo minoritaria producíndose unha clara segregación horizontal e vertical. Esta realidade é patente no ámbito estatal, autonómico e municipal: os datos que reflicten a escasa participación de mulleres e nenas nas entidades deportivas da cidade son semellantes en Galicia e en España, en termos porcentuais. Isto avala que non se trata dunha situación puntual, ou froito do azar, senón que responde a mecanismos de desigualdade directos e indirectos aínda existentes na sociedade.

Tamén é salientable a menor repercusión que ten nos medios de comunicación a participación deportiva e os logros conseguidos por mulleres ou nenas deportistas. As competicións masculinas adoitan contar con maior impacto social, recursos e interese que os realizados por mulleres; esta invisibilización repercute de forma negativa na percepción das deportistas sobre a súa práctica, inflúe tamén minorando a afluencia de público nas competicións femininas; limita o acceso ao financiamento dos propios clubs e equipos con licencias femininas e por último, o feito de ter menos referentes de mulleres deportistas reflectidas nos medios, un dos principais axentes socializadores, obstaculiza o acceso á participación de nenas e mulleres na práctica deportiva.

Todo o exposto, confirma que as mulleres non teñen as mesmas oportunidades que os homes neste eido e avala a necesidade de establecer políticas públicas tendentes a corrixir



Concello de Vigo

esa situación de desigualdade que axuden a remover estes obstáculos e promovan o acceso, permanencia e promoción das nenas, adolescentes e mulleres na práctica deportiva.

A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impoñelles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. No ámbito do deporte, establece no seu artigo 29 que *todos os programas públicos de desenvolvemento do deporte incorporarán a efectiva consideración do principio de igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no seu deseño e execución*; así como: *o Goberno promoverá o deporte feminino e favorecerá a efectiva apertura das disciplinas deportivas as mulleres, mediante o desenvolvemento de programas específicos en todas as etapas da vida e en todos os niveis, incluídos os de responsabilidade e decisión*.

Por todo o exposto, o Concello de Vigo, pretende promover o deporte feminino a través do apoio ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres nas distintas disciplinas deportivas. No ano 2017, a Concellería de Igualdade, a través da convocatoria de subvencións específica, destinou 27.000 € para esta finalidade e foron beneficiarias desta liña de subvencións un total de 56 entidades deportivas. No ano 2018 incrementouse esta cantidade a 45.000 €, que foi distribuído entre 66 entidades deportivas.

Para este mesmo fin, destínase no ano 2019 un crédito máximo de 45.000,00 € que se fará efectivo con cargo á partida específica 2311 4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade. As bases e a convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto das subvencións ao que se refiren as presentes bases responde á finalidade de promover o deporte feminino a través do apoio económico ás entidades deportivas da cidade de Vigo que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres nas distintas disciplinas deportivas (equipos e/ou individuais). Este apoio materializarase en contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento destes clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas do municipio de Vigo, durante a tempada deportiva 2018/2019, ou do ano 2019 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIÓNABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidábel correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta, así como os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas dos equipos con licencias femininas.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán consideración de gastos subvencionables os seguintes: pagamento de licencias federativas femininas, viaxes, aloxamentos e comidas (concreción de menús), arbitaxes, adestradoras/es, alugueiro de instalacións deportivas, gastos telefónicos, compras de material deportivo, equipamento (sempre que este equipamento incorpore o logo do Concello de Vigo), etc. En xeral, serán subvencionables

todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva que garden relación directa coa actividade deportiva das xogadoras ao longo da tempada 2018/19, ou do ano 2019 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

Non se valorará como gasto subvencionable o uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo cando ese importe fose tido en conta para xustificar a subvención concedida na convocatoria específica de subvencións do ano 2019 da Concellería de Deportes deste Concello. O servizo de Igualdade solicitará información ao respecto ao servizo de Deportes.

Quedan excluídos como gastos subvencionables os seguintes: a adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, espectáculos, adquisición de patrimonio e/ou investimento e calquera outro gasto que non sexa necesario para a consecución da actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estes de 15.000,00 €, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

A tempada 2018/2019 estará definida para cada modalidade deportiva en función dos datos recabados das respectivas federacións, e a data de inscrición dos equipos ou das deportistas individuais. A tal efecto, o servizo de Igualdade, no informe que se xuntará á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma. O órgano instructor do procedemento poderá solicitar á Concellería de Deportes tanta información e documentación teña este servizo sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento e valoración dos proxectos e entidades presentadas a esta convocatoria.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 45.000,00 euros (corenta e cinco mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria para o exercicio de 2019: 2311 4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do R. d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións.



Concello de Vigo

QUINTA. - REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS

1. Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Teñan personalidade xurídica propia e carezan de ánimo de lucro.
- c) Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.
- d) Cumpran cos demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.
- e) Que conten cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2018/2019, ou do ano 2019 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

2. Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais

3.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes entregarán unha declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

4.- As solicitantes deberán atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social, conforme co establecido no artigo 22 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Consonte co parágrafo cuarto do artigo 24 do citado Regulamento, para aquelas subvencións nas que o importe non supere a contía de 3.000 €, esta circunstancia poderá acreditarse simplifadamente mediante unha declaración responsable. Este é o caso desta convocatoria, tal e como se establece no apartado 3 da Base Oitava desta.

5.- Igualmente, as solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas para co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o/a solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS

Serán obrigas das beneficiarias das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

1.- Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude, deixando constancia do financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.

- 2.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- 3.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista en todo o soporte material e audiovisual que se empregue para a organización, difusión e execución das súas actividades.
- 4.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.
- 5.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
- 6.-Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización do programa subvencionado.
- 7.-Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- 8.-Aboar as taxas, impostos, permisos, seguros e todos os demais gastos derivados da realización do programa subvencionado.
- 9.- As demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o R. d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da Concellería de Igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio.

Para efectuar a proposta de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 26 puntos.

1.- Número de licenzas femininas na tempada 2018-2019. Ata un máximo de 16 puntos:

Volume de licenzas femininas e puntuación: (*Excepto: Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Espeleoloxía, Surf, Taekwondo, Tenis e Pádel)

- a) Con 10 licenzas femininas e menos de 35: 4 puntos
- b) Con 35 licenzas femininas e menos de 60: 6 puntos
- c) Con 60 licenzas femininas e menos de 85: 8 puntos
- d) Con 85 licenzas femininas e menos de 110: 10 puntos
- e) Con 110 licenzas femininas e menos de 135: 12 puntos
- f) Con 135 licenzas femininas e menos de 150: 14 puntos
- g) Con 150 licenzas ou máis: 16 puntos



Concello de Vigo

Volume de licenzas femininas e puntuación para: Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Espeleoloxía, Surf, Taekwondo, Tenis e Pádel))

- a) Con 10 licenzas femininas e menos de 70: 2 puntos
- b) Con 70 licenzas femininas e menos de 120: 3 puntos
- c) Con 120 licenzas femininas e menos de 170: 4 puntos
- d) Con 170 licenzas femininas e menos de 220: 5 puntos
- e) Con 220 licenzas femininas e menos de 270: 6 puntos
- f) Con 270 licenzas femininas e menos de 320: 7 puntos
- g) Con 320 licenzas ou máis: 8 puntos

2.-Porcentaxe de licenzas femininas con respecto ao total de licenzas na tempada 2018-2019. Ata un máximo de 5 puntos:

Porcentaxe de licenzas femininas e puntuación: (*Excepto: Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Espeleoloxía, Surf, Taekwondo, Tenis e Pádel)

- a) Ata o 20% de licenzas femininas: 1 punto
- b) Máis do 20% de licenzas femininas ata o 40%: 2 puntos
- c) Máis do 40% de licenzas femininas ata o 60%: 3 puntos
- d) Máis do 60% de licenzas femininas ata o 80%: 4 puntos
- e) Máis do 80% de licenzas femininas ata o 100%: 5 puntos

Porcentaxe de licenzas femininas e puntuación para: Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Espeleoloxía, Surf, Taekwondo, Tenis e Pádel)

- a) Ata o 20% de licenzas femininas: 1 punto
- b) Máis do 20% de licenzas femininas ata o 40%: 1,5 puntos
- c) Máis do 40% de licenzas femininas ata o 60%: 2 puntos
- d) Máis do 60% de licenzas femininas ata o 80%: 2,5 puntos
- e) Máis do 80% de licenzas femininas ata o 100%: 3 puntos

3.- Porcentaxe de mulleres que integran a actual xunta directiva da entidade. Ata un máximo de 5 puntos:

- a) 0% de mulleres: 0 puntos
- b) Ata o 20% de mulleres: 1 punto
- c) Do 20% de mulleres ata menos do 40% de mulleres: 2 puntos
- d) Do 40% de mulleres ata menos do 60%: 3 puntos
- e) Do 60% de mulleres ata menos do 80%: 4 puntos
- f) Do 80% de mulleres ata o 100%: 5 puntos

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS

1. O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre todas as entidades que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiaria, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará en función dos criterios previstos na base sétima.

2. O importe total da convocatoria distribuirase entre a suma total de puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos en cada caso.

3. Establécese unha contía mínima e máxima da axuda a conceder: 200 € é a contía mínima establecida e 1.500 € o importe máximo da axuda. Por conseguinte, trala baremación das solicitudes, as entidades que consigan unha axuda superior a 1.500 € quedarán limitadas e esta contía e as entidades que non consigan unha axuda por importe igual ou superior a 200 € quedarán excluídas. En caso de quedar crédito libre, repartirase entre as beneficiarias de forma proporcional aos puntos acadados, tendo en conta o límite da contía máxima da axuda ou, de ser inferior, o da contía solicitada pola entidade.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.



Concello de Vigo

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na base décimo primeira, será de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

As entidades que concorren a esta convocatoria deberán presentar unha única solicitude asinada pola/o representante legal da entidade peticionaria.

A solicitude, segundo modelo normalizado (Anexo I), presentarase exclusivamente por medios electrónicos, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

A mera presentación da solicitude suporá que as entidades solicitantes coñecen e aceptan as presentes bases da convocatoria.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org).

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a emenda.

Todas as solicitudes, así como as posibles emendas telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se a documentación complementaria se achegase presencialmente, será requirida para emendala a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Xunto coa instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- 1.- Solicitude ([Anexo I](#))
- 2.- Certificado das competicións e categorías nas que participan os equipos con licencias femininas ou as deportistas individuais na tempada de referencia. ([Anexo II-A](#) ou [Anexo II-B](#)).
- 3.- Orzamento equilibrado da previsión de ingresos e gastos para o período de referencia (tempada 2018/19, ou do ano 2019 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual). ([Anexo III](#)).

O importe do orzamento que se reflicta neste Anexo terase en conta na fase de xustificación, procedendo a minorarse o importe da axuda concedida no caso de que o gasto xustificado sexa inferior ao 100% do importe indicado neste Anexo III. A axuda concedida sería entón minorada na mesma proporción.

4.- Declaración responsable (Anexo IV-1).

5.- Certificado emitido pola/o secretaria/o da entidade, coa conformidade de quen ostente a representación da entidade, onde conste a composición da xunta directiva desagregada por sexo. (Anexo IV-2).

6.- Acreditación do número de licencias por categoría e sexo da tempada de referencia, a través da achega do certificado emitido pola Federación da modalidade no que conste o número de licenzas por categoría e sexo, da tempada 2018/2019, ou do ano 2019 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

7.- Código de identificación fiscal da entidade solicitante.

8.- Certificado da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante expedido cunha antigüidade inferior a seis meses.

9.- DNI da/o presidenta/e da entidade.

10.- Proxecto das actividades que realiza a entidade na tempada de referencia, facendo especial fincapé nos aspectos cuantitativos e cualitativos da promoción do deporte feminino (competicións nas que participa cada un dos equipos da entidade con licencias femininas ou, no seu caso, as deportistas individuais, número de equipos por categoría e sexo, logros acadados, valoración sobre o impacto de xénero na súa modalidade deportiva, etc).

Porén, a solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que as persoas interesadas non estarán obrigadas a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración. A Administración municipal, salvo oposición expresa da persoa interesada, consultará e obterá electronicamente a través das súas redes corporativas, ou consulta mediante a Plataforma de Indeterminación de Datos, os documentos que deban integrar o procedemento, que xa se atopen no seu poder ou que foran elaborados por calquera outra Administración.

En relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da administración convocante, debe facerse constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.

A Concellería de Igualdade pode requirir canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

DÉCIMO SEGUNDA.- EMENDA DA SOLICITUDE

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da LPACAP, se a documentación achegada fose incompleta ou non reunise os requisitos esixidos na presente convocatoria, a solicitante será requirida para que



Concello de Vigo

complete a documentación ou corrixa a deficiencia no prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte á data da notificación, coa advertencia de que, de non facelo así, terá-selle por desistido da súa solicitude, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPACAP.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

1.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei xeral de subvencións, conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno publicaranse en:

- As Bases reguladoras, no BOP da provincia, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

- A Convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

- A BDNS publicará o extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org e da Concellería de Igualdade www.igualdadevigo.org

2.-Publicidade das subvencións concedidas.

As subvencións concedidas remitiranse ao portal de transparencia do concello e á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, programa, e crédito presupostario ao que se imputan, beneficiarias, cantidades concedidas e finalidade da subvencións con expresión dos distintos proxectos subvencionados.

3.-Publicidade do financiamento público.

As entidades beneficiarias das subvencións deben deixar constancia do financiamento municipal en todas as comunicacións e en calquera actividade enmarcada no programa subvencionado coa inclusión da imaxe corporativa oficial do Concello de Vigo (equipamento, web e redes sociais, publicidade, etc)

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

A Concellería de Igualdade será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei xeral de subvencións.

Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

De conformidade co disposto na base sétima a Comisión de Valoración avaliará as solicitudes de subvención para cada un dos programas presentados. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade, que actuará como presidenta, e dúas técnicas, funcionarias adscritas á Concellería de Igualdade, actuando unha delas, ademais, como secretaria.

O órgano instructor do procedemento poderá solicitar á Concellería de Deportes canta información e documentación teña este servizo sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento e valoración dos proxectos e entidades presentadas a esta convocatoria.

A Concellería de Igualdade, como órgano instructor, formulará a proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas. (Artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de catro meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes na sede electrónica do Concello, e a súa resolución notificaráselles ás solicitantes no prazo de dez días a partir da súa



Concello de Vigo

data, de acordo co previsto no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, poderá substituírse dita notificación pola publicación na páxina web (www.vigo.org) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, conforme ao art. 45.1.b) da Lei 39/2015 da LPACAP.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima ás interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPACAP.

A resolución da Xunta de Goberno Local sobre concesión das axudas esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses.

En todos os casos, os prazos contaranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación, ou de desestimación do recurso de reposición.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo máximo de 10 días, a contar a partir do día seguinte ao da notificación, a comunicarlle por escrito á Concellería de Igualdade a aceptación ou renuncia das axudas. A falta de manifestación expresa entenderase aceptada.

A beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración concedente declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPACAP.

DÉCIMO QUINTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS

1.-Prazo de xustificación:

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar como data límite o 30 de setembro de 2019 (incluído) o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederase a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa subsanación ou entrega. Transcorrido o prazo sen atender ao requirimento e trala resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015 PAC, teranse por desistidas da súa petición.

Conforme establece o Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá á entidade beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá á beneficiaria das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións, correspondan.

De non presentar a xustificación no prazo adicional perderase o dereito a percibir a subvención.

2.- Cantidade a xustificar

A entidade beneficiaria terá que presentar facturas electrónicas ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel equivalentes ao importe da axuda concedida e copias de facturas polo resto do orzamento do proxecto presentado. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto no subvencionado pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Terase en conta como importe xustificativo a base impositivo do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da Axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE.

3.- Sistema e documentos necesarios para a xustificación:

A teor do disposto no art. 81 do regulamento da LXS establece o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e facenda (Orde EHA/2261/2007), do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a emenda.



Concello de Vigo

A entidade beneficiaria deberá achegar electronicamente a rendición da conta xustificativa que comprende a seguinte documentación:

a) Anexo V: Solicitude de pago e certificación, asinada polo/a secretario/a, coa conformidade da/o representante legal da entidade:

Coa sinatura deste modelo acredítase, entre outros, os seguintes extremos:

- Que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.
- Percepción doutras axudas ou subvencións para o proxecto subvencionado.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada co obxecto de promover o deporte feminino.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a renda das persoas físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e coa Seguridade Social e declarar se a entidade está exenta ou non do IVE (no caso de estar exenta deberá aportar certificación da Axencia Tributaria que o indique).

b) Anexo VI: Balance económico do proxecto, asinado polo/a tesoureiro/a, e presidente/a da entidade:

Consiste nunha relación detallada de todos os ingresos percibidos ou concedidos para a actividade obxecto da subvención, así como de todos os gastos realizados no período da tempada de referencia.

Cando o gasto xustificado neste anexo sexa inferior ao 100 % do importe do orzamento do proxecto que presentou a entidade na súa solicitude de subvención (anexo III), procederase a minorar a axuda concedida na mesma proporción.

c) Anexo VII: Xustificación do gasto do proxecto correspondente ao importe da axuda concedida, asinada pola tesoureira/o e presidente/a da entidade:

Consiste nunha relación clasificada das facturas que achega a entidade para xustificar o importe da contía da axuda concedida, con identificación do/a acredor/a e do documento, o seu importe, e data de emisión.

d) Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel, asinadas electronicamente polo/a representante da entidade:

As facturas corresponderán a gastos que deben estar vinculados directamente co fomento de actividades deportivas dos equipos con licencias femininas, ou das deportistas individuais.

Deberán estar ordenadas e numeradas seguindo a orde da clasificación do Anexo VII polo importe total da subvención outorgada. As ditas facturas deberán estar asinadas electronicamente polo/a representante da entidade, e deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

- Número e no seu caso serie.
- Nome e apelidos ou denominación fiscal.
- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)
- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
- Lugar e data de emisión.
- Nas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que se xustifique se está exenta de IVE; as facturas emitidas por profesionais levarán a pertinente retención do IRPF.

e) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos subvencionado na tempada de referencia facendo especial fincapé nos aspectos cuantitativos e cualitativos da promoción do deporte feminino (competicións nas que participa cada un dos equipos da entidade con licencias femininas, ou no seu caso, as deportistas individuais, os resultados, o ámbito e o nivel acadado nas competicións, material gráfico impreso..., valoración sobre o impacto de xénero na súa modalidade deportiva, facendo fincapé nas actividades e logros realizados por mulleres e posibles necesidades detectadas).

f) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

4.- Información complementaria:

Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013.

Atendendo á especificidade de actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas e outros conceptos análogos poderán xustificarse a través de documentos orixinais emitidos polas federacións ou pola propia entidade deportiva: certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento das xogadoras e persoal técnico, etc. Estes documentos deberán recoller adecuadamente os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base á eficacia do mesmo.

En relación á xustificación do pagamento de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por eses conceptos; sempre e cando este importe non fose tido en conta para xustificar a subvención concedida na convocatoria específica de subvencións do ano 2019 da Concellería de Deportes deste Concello. O servizo de Igualdade solicitará información ao respecto ao servizo de Deportes.



Concello de Vigo

Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou relacionadas á Universidade a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

En xeral os documentos xustificativos deberán corresponderse con gastos relacionados de forma directa á tempada 2018/2019 ou do ano 2019 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual ao exercicio 2019, e non terá por que constar de forma expresa se foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinado nesta convocatoria.

Deberase ter en conta o establecido na base segunda desta convocatoria respecto dos gastos que teñen a condición de subvencionables e non subvencionables.

DÉCIMO SEXTA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto no que fará constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes para considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DECIMO SÉTIMA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO OITAVA.- PAGAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez remate o programa obxecto da subvención e sexa debidamente xustificado.

Procederase ao pagamento parcial ou redución proporcional do importe nos seguintes casos:

- Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100 % do importe do orzamento do proxecto presentado pola entidade beneficiaria na súa solicitude de subvención. A axuda será entón minorada na mesma proporción.
- Pola obtención de maior ingresos ou financiamento do previsto no proxecto.
- Polo incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria.

As subvencións serán compatibles con calquera tipo de axuda concedida por diferentes administracións ou entes públicos ou privados. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención, concorrente das subvencións

por outras administracións, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que ao tratarse dunha subvención, os ingresos non poden ser superiores aos gastos.

A resolución-liquidación da axuda, co aboamento do pagamento parcial ou proporcional correspondente, será competencia da concelleira delegada de igualdade.

Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do art. 31.7. e da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DÉCIMO NOVENA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1.-Perda do dereito á cobranza

Dará lugar á perda do dereito á cobranza da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pagamento único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito á cobranza, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello efectuarase no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Reintegraranse as cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as entidades beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Concello de Vigo

VIXÉSIMA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das solicitantes e os das súas representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia co fin de concluír o proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2019, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

**CONCELLO
DE VIGO**



**SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A PROMO-
CIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2018/2019**

**ANEXO I
SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN (Páxina 1 de 2)**

Datos da entidade solicitante

Nome:		
CIF:	Modalidade:	
Enderezo:		Código postal:
Tel. 1:	Tel. 2:	Fax:
Enderezo electrónico a efectos de notificación:		

Datos da persoa representante da entidade

Nome e apelidos:		DNI
Enderezo:		Código postal:
Tel.1:	Tel. 2:	Enderezo electrónico:
Cargo que ocupa:		

Datos para efectos de notificación:

Todas as notificacións realizaranse por medios electrónicos. Poderase acceder á notificación co certificado dixital asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaanse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida:

✉ Correo electrónico:

✉ Teléfono móbil:

ACEPTO o emprego do correo electrónico e/ou teléfono móbil indicado/s para o envío dun aviso de notificación da posta a disposición das notificacións.

SOLICITA da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, unha subvención por importe de _____ (esta convocatoria establece un límite de concesión entre 200 € e 1.500 €) pola actividade de fomento do deporte feminino desenvolvida pola entidade durante a tempada deportiva 2018/2019.



Concello de Vigo

**CONCELLO
DE VIGO**



**SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A PROMO-
CIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2018/2019**

**ANEXO I
SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN (Páxina 2 de 2)**

Documentación que se achega coa solicitude:

- Anexo II-A ou Anexo II-B: certificado das competicións e categorías nas que participan as deportistas da entidade.
- Anexo III: orzamento equilibrado de ingresos e gastos.
- Anexo IV-1: declaración responsable.
- Anexo IV-2: acreditación da composición da actual xunta directiva.
- Certificado emitido pola Federación da modalidade no que conste o nº de licencias por categoría e sexo na tempada de referencia.
- Código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Certificado da titularidade da conta bancaria actualizado.
- DNI da/o presidenta/e da entidade.
- Proxecto das actividades que realiza a entidade na tempada de referencia, facendo especial fincapé nos aspectos cuantitativos e cualitativos da promoción do deporte feminino.

Protección de datos:

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

Vigo, _____ de _____ de 2019	Sinatura da/o presidenta/e	Selo da entidade
------------------------------	----------------------------	------------------

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VIGO

S. ord. 07/03/19

**CONCELLO
DE VIGO****SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A
PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA
2018/2019****Anexo II- A (DEPORTES COLECTIVOS)**

Certificado das competicións e categorías nas que participan as deportistas da entidade na tempada de referencia

Entidade:	CIF:
Modalidade:	

E na súa representación o/a presidente:

Nome e apelidos:	DNI:
------------------	------

Declaro que a dita entidade ten durante a tempada 2018-2019 as seguintes categorías e número de licencias (desagregadas por sexo) segundo a modalidade deportiva de que se trate. Declaro que estes datos son certos baixo a miña responsabilidade.

COMPETICIÓNS OFICIAIS NAS QUE PARTICIPA A ENTIDADE				
DEPORTES COLECTIVOS				
Nome das categorías por equipos*	Nº licencias por equipo	Nº mulleres	Nº homes	Ámbito da competición regular**
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
10				
11				
12				
13				
14				

* Un equipo por fila en orde ascendente por idades

** Especificar se o ámbito da competición é Local, Autonómico, Nacional, durante a fase regular da competición.

Vigo, _____ de _____ de 2019

Sinatura da/o secretaria/o	Sinatura da/o presidenta/e	Selo da entidade
----------------------------	----------------------------	------------------



Concello de Vigo

CONCELLO DE VIGO		SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2018/2019
Anexo II- B (PARA DEPORTES INDIVIDUAIS) Certificado das competicións e categorías nas que participan as deportistas da entidade na tempada de referencia		

Entidade:	CIF:
Modalidade:	

E na súa representación o/a presidente:

Nome e apelidos:	DNI:
------------------	------

Declaro que a dita entidade ten durante a tempada 2018-2019 as seguintes categorías e número de licencias (desagregadas por sexo) segundo a modalidade deportiva de que se trate. Declaro que estes datos son certos baixo a miña responsabilidade.

DEPORTES INDIVIDUAIS			
Categorías nas que participa*	Nº de licencias femininas por categoría	Nº de licencias masculinas por categoría	Ámbito da competición **
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			
12			
13			
14			

* Unha categoría por fila

** Especificar o ámbito dos desprazamentos: local, autonómico ou nacional durante a fase regular da competición.

Vigo, _____ de _____ de 2019

Sinatura da/o secretaria/o	Sinatura da/o presidenta/e	Selo da entidade
----------------------------	----------------------------	------------------

**CONCELLO
DE VIGO****SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A PROMO-
CIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2018/2019****ANEXO III: Orzamento equilibrado de ingresos e gastos**

Don/Dona _____
con DNI _____ en calidade de secretaria/o da entidade
deportiva _____ con CIF _____.

Certifica que o orzamento de ingresos e de gastos previsto para a tempada 2018/2019 é o seguinte:

INGRESOS	
CONCEPTO:	IMPORTE:
Ingresos persoas asociadas	€
Ingresos patrocinios privados	€
Concello de Vigo. Área de Igualdade.	€
Concello de Vigo. Área de Deportes.	€
Fundación Deporte Galego	€
Deputación de Pontevedra	€
Outros ingresos, especificar.....	€
TOTAL INGRESOS PREVISTOS	€
A) A contía total de ingresos, deberá coincidir coa contía total de gastos.	

GASTOS	
CONCEPTO:	IMPORTE:
Gastos federativos (licencias e mutualidades)	€
Gastos material	€
Gastos desprazamentos	€
Gastos alugueiro instalacións	€
Outros gastos, especificar.....	€
	€
	€
	€
	€
TOTAL GASTOS PREVISTOS	€
A) A contía total de gastos deberá coincidir coa contía total de ingresos.	


* O importe do orzamento que se reflicta neste Anexo terase en conta na fase de xustificación, procedendo a minorarse o importe axuda concedida no caso de que o gasto xustificado sexa inferior ao 100% do importe indicado no Anexo III. A axuda concedida sería entón minorada na mesma proporción.

Vigo, _____ de _____ de 2019

Sinatura da/o secretaria/o	Sinatura da/o presidenta/e	Selo da entidade
----------------------------	----------------------------	------------------



Concello de Vigo

CONCELLO DE VIGO		SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A PROMO- CIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2018/2019
ANEXO IV-1: DECLARACIÓN RESPONSABLE		

Don/Dona _____,
 con DNI _____ en calidade de secretaria/o da entidade
 deportiva _____ con CIF _____.

DECLARA

- 1.- Que Don/Dna _____ ten a condición de representante legal desta entidade.
- 2.- Que esta entidade, para a tempada deportiva 2018-2019 ou 2019 no caso de ser anual:
- NON solicitou ou non se lle concederon outras axudas ou subvencións
 - SI solicitou ou se lle concederon outras axudas ou subvención

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe solicitado	Importe Concedido
	€	€
	€	€
	€	€
	€	€

- 3.- Que a entidade solicitante coñece e acepta as bases reguladoras do programa de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades deportivas para a promoción do deporte feminino na tempada 2018/2019.
- 4.- Que a entidade solicitante comparte co Concello de Vigo o obxectivo da promoción do deporte feminino e comprométese a empregar unha linguaxe e imaxe non sexista no desenvolvemento da súa actividade.
- 5.- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social e o Concello de Vigo, autorizando expresamente ao Concello de Vigo ás comprobacións que a tal fin sexan necesarias.
- 6.- Que a entidade solicitante non está incursoa en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e que son certos os datos presentados.

Vigo, _____ de _____ de 2019

Sinatura da/o secretaria/o	Sinatura da/o presidenta/e	Selo da entidade
----------------------------	----------------------------	------------------

**CONCELLO
DE VIGO**



**SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A
PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA
2018/2019**

ANEXO IV-2: CERTIFICADO COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Don/Dona _____,
con DNI _____ en calidade de secretaria/o da entidade
deportiva _____ con CIF _____.

CERTIFICO

Que a actual xunta directiva da entidade está integrada por un total de _____ persoas:

- mulleres
- homes

Que a actual xunta directiva do club está formada polas seguintes persoas:

PRESIDENTA/E:

VICEPRESIDENTA/E:

SECRETARIA/O:

TESOUREIRA/O:


VOGAIS:

Vigo, _____ de _____ de 2019

Sinatura da/o secretaria/o	Sinatura da/o presidenta/e	Selo da entidade
----------------------------	----------------------------	------------------



Concello de Vigo

CONCELLO DE VIGO		SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2018/2019
ANEXO V: SOLICITUDE DE PAGAMENTO		

D./Dña.....con DNI.....,
 secretaria/o da entidade.....co CIF....., co conforme da/o
 representante legal da entidade D/Dña....., co DNI.....

CERTIFICO

Que a actividade deportiva subvencionado por acordo da Xunta de Goberno local de data realizouse nas condicións previstas e segundo as características que se declararon na solicitude de subvención, o que se acredita coa memoria que se achega e coa documentación complementaria.

DECLARO

1. Que todos os datos que contén a presente MEMORIA XUSTIFICATIVA se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
2. Que o importe da subvención concedida foi de _____ € e que a actividade que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade e o seu custo total foi de _____ €.
3. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan aplicáronse á actividade subvencionada co obxecto de promover o deporte feminino.
4. Que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.
5. Que a entidade non percibiu ningún outro ingreso, axuda nin subvención para o proxecto subvencionado ou no caso contrario que as achegas obtidas non superaron o custe total do mesmo.
6. Que a entidade está ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social e o Concello de Vigo; non sendo debedora por resolución de procedencia de reintegro e que foi practicada a pertinente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos a retención, así como que esta foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (no caso de empregar os ditos xustificantes).
7. Que esta entidade ten solicitadas e/ou concedidas as seguintes subvencións para o desenvolvemento da actividade subvencionada pola Concellería de Igualdade do Concello de Vigo

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe solicitado	Importe concedido
	€	€
	€	€
	€	€

8. Que, para os efectos que regula esta convocatoria, a entidade declara:

- que está exenta de IVE, (e achega certificación acreditativa da Axencia Tributaria)
- que non non está exenta de IVE.

SOLICITO

O pago da liquidación correspondente da axuda concedida.

Vigo, _____ de _____ de 2019

Sinatura do/a secretario/a da entidade

Sinatura da/o representante da entidade

Nome completo:.....

Nome completo:.....

**CONCELLO
DE VIGO****SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A
PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA
2018/2019****ANEXO VI: BALANCE DE INGRESOS E GASTOS**

BALANCE DE INGRESOS	IMPORTE
Ingresos persoas asociadas	€
Ingresos patrocinios privados	€
Concello de Vigo. Área de Igualdade.	€
Concello de Vigo. Área de Deportes	€
Fundación Deporte Galego	€
Deputación de Pontevedra	€
Outros ingresos, especificar:	€
.....	€
.....	€
.....	€
TOTAL INGRESOS (A)	€
A contía total de ingresos (A), deberá coincidir coa contía total de gastos.	

BALANCE DE GASTOS	IMPORTE
Gastos federativos (licencias e mutualidades)	€
Gastos material	€
Gastos desprazamentos	€
Gastos alugueiro instalacións	€
Outros gastos, especificar.....	€
.....	€
.....	€
.....	€
.....	€
TOTAL GASTOS (A)	€
A contía total de gastos (A), deberá coincidir coa contía total de ingresos.	

*Cando o gasto xustificado neste anexo sexa inferior ao 100 % do importe do orzamento do proxecto que presentou a entidade na súa solicitude de subvención (anexo III), procederase a minorar a axuda concedida na mesma proporción.

Vigo, _____ de _____ de 2019

Sinatura da/o tesoureira/o	Sinatura da/o presidenta/e	Selo da entidade
Nome e apelidos:	Nome e apelidos:	

CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE SUBVENCIONS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2018/2019. EXPTE 9034 /224

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto das subvencións ao que se refiren as presentes bases responde á finalidade de promover o deporte feminino a través do apoio económico ás entidades deportivas da cidade de Vigo que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres nas distintas disciplinas deportivas (equipos e/ou individuais). Este apoio materializarase en contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento destes clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas do municipio de Vigo, durante a tempada deportiva 2018/2019, ou do ano 2019 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidábel correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta, así como os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas dos equipos con licencias femininas.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán consideración de gastos subvencionables os seguintes: pagamento de licencias federativas femininas, viaxes, aloxamentos e comidas (concreción de menús), arbitrxes, adestradoras/es, alugueiro de instalacións deportivas, gastos telefónicos, compras de material deportivo, equipamento (sempre que este equipamento incorpore o logo do Concello de Vigo), etc. En xeral, serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva que garden relación directa coa actividade deportiva das xogadoras ao longo da tempada 2018/19, ou do ano 2019 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

Non se valorará como gasto subvencionable o uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo cando ese importe fose tido en conta para xustificar a subvención concedida na convocatoria específica de subvencións do ano 2019 da Concellería de Deportes deste Concello. O servizo de Igualdade solicitará información ao respecto ao servizo de Deportes.

Quedan excluídos como gastos subvencionables os seguintes: a adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, espectáculos, adquisición de patrimonio e/ou investimento e calquera outro gasto que non sexa necesario para a consecución da actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estes de 15.000,00 €, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 45.000,00 euros (corenta e cinco mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria para o exercicio de 2019: 2311 4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.



Concello de Vigo

CUARTA. - REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS.

1. Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Teñan personalidade xurídica propia e carezan de ánimo de lucro.
- c) Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.
- d) Cumpran cos demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.
- e) Que contén cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2018/2019, ou do ano 2019 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

2. Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais

3.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes entregarán unha declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

4.- As solicitantes deberán atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social, conforme co establecido no artigo 22 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Consonte co parágrafo cuarto do artigo 24 do citado Regulamento, para aquelas subvencións nas que o importe non supere a contía de 3.000 €, esta circunstancia poderá acreditarse simplificadaamente mediante unha declaración responsable. Este é o caso desta convocatoria, tal e como se establece no apartado 3 da Base Oitava desta.

5.- Igualmente, as solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas para co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o/a solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.

QUINTA.- PROCEDEMENTO DA CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

SEXTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na Base Décimo primeira, será de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo .

SÉTIMA.- BASES REGULADORAS.

As Bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

OITAVA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

A Concellería de Igualdade será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei xeral de subvencións.

De conformidade co disposto na base sétima a Comisión de Valoración avaliará as solicitudes de subvención para cada un dos programas presentados. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade, que actuará como presidenta, e dúas técnicas, funcionarias adscritas á Concellería de Igualdade, actuando unha delas, ademais, como secretaria.

A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor, formulará a proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas (artigo 21.4, parágrafo 6 da Lei de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de catro meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes na sede electrónica do Concello, e a súa resolución notificaráselles ás solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos como data límite o 30 de setembro de 2019.

DÉCIMA.- PAGAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez remate o programa obxecto da subvención e sexa debidamente xustificado.



Concello de Vigo

Procederáse ao pagamento parcial ou redución proporcional do importe nos seguintes casos:

- Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100 % do importe do orzamento do proxecto presentado pola entidade beneficiaria na súa solicitude de subvención. A axuda será entón minorada na mesma proporción.
- Pola obtención de maior ingresos ou financiamento do previsto no proxecto.
- Polo incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria.

EXTRACTO DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2018/2019.
EXPTE 9034/224

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8 a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatorias>)”:

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto das subvencións ao que se refiren as presentes bases responde á finalidade de promover o deporte feminino a través do apoio económico ás entidades deportivas da cidade de Vigo que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres nas distintas disciplinas deportivas (equipos e/ou individuais). Este apoio materializarase en contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento destes clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas do municipio de Vigo, durante a tempada deportiva 2018/2019, ou do ano 2019 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidábel correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta, así como os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas dos equipos con licencias femininas.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán consideración de gastos subvencionables os seguintes: pagamento de licencias federativas femininas, viaxes, aloxamentos e comidas (concreción de menús), arbitaxes, adestradoras/es, alugueiro de instalacións deportivas, gastos telefónicos, compras de material deportivo, equipamento (sempre que este equipamento incorpore o logo do Concello de Vigo), etc. En xeral, serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva que garden relación directa coa actividade deportiva das xogadoras ao longo da tempada 2018/19, ou do ano 2019 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 45.000,00 euros (corenta e cinco mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria para o exercicio de

2019: 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

CUARTA. - BENEFICIARIAS.

Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo, teñan personalidade xurídica propia e carezan de ánimo de lucro, contendo un mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2018-2019, ou do ano 2019 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual e cumpran os demais requisitos que establecen as bases e convocatoria.

QUINTA.- PROCEDemento DA CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

SEXTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na Base Décimo primeira, será de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- BASES REGULADORAS.

As Bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos como data límite o 30 de setembro de 2019.

11(198).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO MES DE DECEMBRO DE 2018. EXPTE. 2544/334.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 21/01/19, asinado pola técnica de Normalización Lingüística, e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:



Concello de Vigo

INFORME:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31^a das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2018, aprobadas polo Pleno con data 27 de decembro de 2017 faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, no mes de decembro de 2018.

Asunto: relación de expedientes de contrato menor correspondentes ao mes de decembro de 2018, tramitados no servizo e autorizados pola concelleira-delegada

Expediente	2474-334 Merca de libros de consulta, dicionarios e audiovisual
Decreto concelleira	Data 14 de decembro de 2018
Informe Intervención	003550
Adxudicatario	Xaime Nogueira Meixe, Andel
Importe	438,80 euros

Expediente	2476-334 Edición e publicación de 4 libros da colección "Historias para coñecermos Vigo"
Decreto concelleira	Data 11 de decembro de 2018
Informe Intervención	RC 003416
Adxudicatario	Mundo detrás del Marco S.L.(Elvira)
Importe	6.000 euros

Expediente	2485-334 Formularios de inscrición para o SNL
Decreto concelleira	Data 18 de decembro de 2018
Informe Intervención	RC 003526
Adxudicatario	Desoños S.L
Importe	193,60 euros

Expediente	2479-334 Merca de xogo de mesa "Ti non es de aquí"
Decreto concelleira	Data 29 de novembro de 2018
Informe Intervención	RC 003549
Adxudicatario	Eladino Cabanelas Fernandez (OZOCogz- Deseño Galego)
Importe	2.586,74 euros

Expediente	2496-334 Para 20 ludotecas lingüísticas
Decreto concelleira	Data 21/12/2018
Informe Intervención	RC 003603
Adxudicatario	Antaxurada S.L.U
Importe	3916 euros

Expediente	2497-334 Por 3 contadas para público adulto
Decreto concelleira	Data 21/12/2018
Informe Intervención	RC 003601
Adxudicatario	Ana María Carreira Varela
Importe	907,50 euros

Expediente	2499-334 Actividades dirixidas a público familiar
Decreto concelleira	Data 21/12/2018
Informe Intervención	RC 003602
Adxudicatario	Tanxarina S.L
Importe	2904 euros

Expediente	2500-334 Merca de 3000 mochilas (Vigo co deporte e a lingua)
Decreto concelleira	Data 21/12/2018
Informe Intervención	RC 003604



Concello de Vigo

Adxudicatario	Bieito Nova S.L
Importe	12.233,10 euros

Expediente	2502-334 Obradoiro narración oral e 2 contadas público adulto
Decreto concelleira	Data 21/12/2018
Informe Intervención	
Adxudicatario	Berrobambán S.L
Importe	1469 euros

Expediente	2503-334 Públidade diversas actividades
Decreto concelleira	Data 21/12/2018
Informe Intervención	RC 003606
Adxudicatario	Somosmagenta S.L
Importe	353,32 euros

Expediente	2504-334 Por 4 funcións público familiar
Decreto concelleira	Data 21/12/2018
Informe Intervención	RC 003605
Adxudicatario	Migallas Teatro S.L
Importe	2240 euros

Expediente	2506-334 Por 6 obradoiros público infantil
Decreto concelleira	Data 26/12/2018
Informe Intervención	RC 003572
Adxudicatario	Asociación etnográfica A Merdeira
Importe	960 euros

Expediente	2508-334 Por 2 contadas público adulto
------------	--

Decreto concelleira	Data 26/12/2018
Informe Intervención	RC 003571
Adxudicatario	Avelino González Fernandez
Importe	1210 euros

Expediente	2510-334 Deseño imáxe Vigo co deporte
Decreto concelleira	Data 26/12/2018
Informe Intervención	RC 003581
Adxudicatario	Desonhos S.L
Importe	8373,20 euros

Expediente	2517-334 Por 1000 botellas (Vigo co deporte)
Decreto concelleira	Data 27/12/2018
Informe Intervención	RC 003588
Adxudicatario	Alma Mater S.L
Importe	3496,90 euros

Expediente	2454-334 Po 4 actividades motivo Samaín e Magosto
Decreto concelleira	Data 05/11/2018
Informe Intervención	RC 003551
Adxudicatario	María Carmen Álvarez Alonso
Importe	660 euros

Expediente	2462-334 Paseo literario "Olladas Salgadas"
Decreto concelleira	Data 12/11/2018
Informe Intervención	
Adxudicatario	M. ^a Purificación Pérez Leiros
Importe	140 euros



Concello de Vigo

Expediente	2473-334 Por 8 obradoiros de regueifas e 2 regueifadas de Nadal
Decreto concelleira	Data 29/11/2018
Informe Intervención	
Adxudicatario	Oral de Galicia
Importe	2700 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

12(199).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO MES DE XANEIRO DE 2019.EXPTE. 2551/334.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 26/02/19, asinado pola técnica de Normalización Lingüística, e pola concelleira-delegada de Igualdade Xuventude e Normalización Lingüística, que di o seguinte:

INFORME:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019, aprobadas polo Pleno con data 26 de decembro de 2018 faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **contrato menor** no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, no mes de xaneiro de 2019.

Asunto: relación de expedientes de contrato menor correspondentes ao mes de xaneiro de 2019, tramitados no servizo e autorizados pola concelleira-delegada

Expediente	2539-334 Pola impartición de 2 cursos de lingua galega
Decreto concelleira	Data 21 de xaneiro de 2019

Informe Intervención	RC 000483
Adxudicatario	Ana María Vázquez Facchini
Importe	3.024 euros

Expediente	2541-334 Pola realización de 4 charlas/conferencias
Decreto concelleira	Data 21 de xaneiro de 2019
Informe Intervención	RC 000484
Adxudicatario	Manuel Carlos Núñez Singala
Importe	600 euros

Expediente	2542-334 Pola realización de 3 percorridos literarios
Decreto concelleira	Data 21 de xaneiro de 2019
Informe Intervención	RC 000485
Adxudicatario	Xurxo Martínez González
Importe	450 euros

Expediente	2543-334 Pola realización de 2 percorridos literarios
Decreto concelleira	Data 23 de xaneiro de 2019
Informe Intervención	RC 000628
Adxudicatario	Francisco Castro Veloso
Importe	300 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.



Concello de Vigo

13(200).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS EDIFICIOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO DEPENDENTES DA UNIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO". EXPTE. 8348/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22/02/19 e o informe de fiscalización de data 26/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 18/02/19, asinado polo xefe do Servizo de Participación Cidadá, o concelleiro-delegado de Área, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014.

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución asinada o 29 de outubro de 2018, o Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, acordou iniciar o expediente de contratación dos SERVICIOS DE MANTEMENTO DOS EDIFICIOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO DEPENDENTES DO DA UNIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, de 28 de outubro de 2018 asinado polo xefe de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e asinado o 29 de outubro de 2018 polo Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
2. Orde de inicio asinada o 29 de outubro de 2018 do Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
3. Dilixencia asinada o 19 de decembro de 2019 asinada pola xefa do servizo de contratación.
4. Declaración do redactor do prego técnico asinado o 25 de xaneiro de 2019 polo xefe de Participación Cidadá e Desenvolvemento local.
5. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, con data do 25 de xaneiro de 2019 asinado polo xefe de Participación Cidadá e Desenvolvemento local.

6. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 25 de xaneiro de 2019, asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o 28 de xaneiro de 2019 polo concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
7. Informe do servizo de contratación de data 31 de xaneiro de 2019, asinado pola xefa do servizo de Contratación.
8. Prego de cláusulas administrativas de data 31 de xaneiro de 2019, asinado pola xefa do servizo de contratación.
9. Informe proposta de aprobación do expediente, con data do 3 de febreiro de 2019, asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local, e o 4 de febreiro de 2019 polo concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e o concelleiro de Orzamentos e Facenda.
10. Informe xurídico de data 11 de febreiro de 2019, asinado pola Xefa de Asesoramento e o 12 de febreiro de 2019 pola Titular da Asesoría Xurídica.
11. Informe de fiscalización de data 13 de febreiro de 2019, asinado pola Interventora adxunta e polo Interventor municipal.
12. Dilixencia do servizo de contratación de data 14 de febreiro de 2019, asinado pola xefa do servizo de Contratación.
13. Prego de cláusulas administrativas de data 14 de febreiro de 2019, asinado pola xefa do servizo de contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por Decreto Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, nos concelleiros de Area. O Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en resolución asinada de 29 de outubro de 2018, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo Xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral do servizo de contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto. Xustifícase a elección deste procedemento porque tal e como dispón o artigo 131 da LCSP procede empregar o procedemento aberto.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e



Concello de Vigo

aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (8348/320) por procedemento aberto do “MANTEMENTO DOS EDIFICIOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO DEPENDENTES DO DA UNIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO”.

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 25 de xaneiro de 2019 e o prego de cláusulas administrativas de 14 de febreiro de 2019 que rexirán a contratación da “ MANTEMENTO DOS EDIFICIOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO DEPENDENTES DO DA UNIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO”.

3º.- Aproba-lo gasto de 81.111,62 €, para a contratación do servizo de “ MANTEMENTO DOS EDIFICIOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO DEPENDENTES DO DA UNIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO” con cargo á aplicación orzamentarias 9240 2120000, do presuposto do Concello de Vigo distribuídos do xeito seguinte:

▪ 2019	16.898,26 €
▪ 2020	40.555,81 €
▪ 2021	23.657,55 €

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(201).- ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN E RENOVACIÓN AUTOMÁTICA DE CONDICIÓN DE AULA DE REFERENCIA DA REDE CEMIT PARA O EXERCICIO 2019. EXPTE. 8555/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 07/02/19 e o informe de fiscalización de data 01/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 28/01/19, asinado polo xefe de Participación Cidadá e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Dende o Concello de Vigo continuase fomentado o desenvolvemento das actividades propias da aula CeMIT (**Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica**) xa que a súa finalidade é convertela nunha ferramenta que permita aos galegos e galegas mellorar as súas competencias dixitais con independencia da súa idade, lugar de residencia ou situación

económica, deste xeito nun instrumento esencial no acceso a produtos que satisfagan as súas necesidades persoais e profesionais, contribuíndo estratexicamente a:

- Aumentar a accesibilidade a Internet
- Avanzar na alfabetización dixital
- Diminuír a fenda dixital
- Mellorar a empregabilidade

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 7 de febreiro de 2014, adoptou entre outros os seguintes acordos (número expediente: 6971-320):

1º.- Aprobar a presentación da solicitude de consideración como aula CeMIT, xunto coa achega prevista no convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia e a FEGAMP, para o desenvolvemento do plan de inclusión dixital no eido da Administración Local.

2º.- Encomendar ao servizo de Participación e Atención Cidadá a tramitación da solicitude de adhesión.

Con data 04/03/2014, e número de documento 140026929, se ten recibido no expediente 62/2014 a Notificación de resolución da Asociación para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), entidade que ten asumido a xestión da rede de centros CeMIT, ten asinado un convenio de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para o Desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital, no eido da Administración Local de Galicia, pola que:

- 1. Considera a aula CeMIT do Concello de Vigo, como aula de referencia de acordo coa cláusula terceira do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza, AMTEGA e a FEGAMP, para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da Administración Local.*
- 2. Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 15.000,00 € condicionado o seu pagamento ás especificacións establecidas no Anexo I.*

Con data 14/12/2015, a Xunta de Galicia, ten comunicado ao Concello de Vigo o acordo de "Renovar de maneira automática a condición de aula de referencia os concellos relacionados no Anexo I", anexo no que se atopa o Concello de Vigo, co criterio a e unha subvención de 15.000 € (Aprobado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 22 de xaneiro de 2016 co número de expediente: 7270-320).

Con data 19/12/2016, recibíuse nova comunicación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica (AMTEGA) da Xunta de Galicia coa resolución de renovación da Aula CeMIT de referencia e concesión de unha nova subvención ao prorrogarse a vixencia do Convenio ata o 31 de decembro de 2017 coa sinatura da IV Addenda o día 19 de setembro de 2016.

Con data 20/12/2017, AMTEGA comunica a **nova prórroga do convenio ata o 31 de decembro de 2018** e a nova resolución na que se propón o seguinte:



Concello de Vigo

“Primeiro: Renovar de maneira automática a condición de aula de referencia ás entidades locais relacionadas no Anexo I (Vigo incluída)

Segundo: Aprobar a concesión dunha subvención polo importe que se especifica no Anexo I (15.000,00 €), condicionada o seu pagamento ás especificacións establecidas no Anexo II...”

O desenvolvemento actual das actividades da Rede CeMIT dá resposta aos obxectivos previstos no Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020, e para continuar cumprindo co establecido en dito Plan AMTEGA remite e solicita a seguinte documentación:

- Con data **14/12/18**, recibíuse a notificación coa resolución de renovación automática de condición de Aula de Referencia de Rede CeMIT para o ano 2019.
- Con data **28/12/2018**, recibíuse un requirimento para presentar 2 declaracións responsables con carácter previo á concesión da subvención da rede CeMIT para o ano 2019
- Con data **21/01/2019**, recibíuse a **“Resolución pola que se conceden subvencións ás aulas das entidades locais que integran a Rede CeMIT que teñan a consideración de “aulas de referencia” para o exercicio 2019”**.

Polo anteriormente exposto **PROPOÑO a Xunta de Goberno Local** a adopción do seguinte acordo:

1. Aceptar a axuda de 15.000,00 €, para o funcionamento da aula CeMIT, como aula de referencia, conforme a resolución da directora da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia.
2. Encomendar ao servizo de Participación Cidadá a xestión da aula CeMIT e da axuda concedida, conforme ao establecido no texto da resolución.
3. Delegar no concelleiro de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos a representación do Concello de Vigo diante da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, na xestión da aula CeMIT do Concello de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(202).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE UN/UNHA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL BAIXO A MODALIDADE DO ARTIGO 10.1.D) DO RDL 5/2015, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE XUVENTUDE. EXPTE. 33356/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 28/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 05/02/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 09/01/2019, a Xefa do Servizo de Xuventude e a Concelleira delegada de igualdade, xuventude e normalización lingüística, remite oficio manifestando a urxente necesidade de auxiliares de administración xeral para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 22/01/2019 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun/dunha auxiliar de administración xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 29/01/2018, emítese pola Técnica de Formación e Avaliación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*



Concello de Vigo

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-auxiliar), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do



Concello de Vigo

estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

IV. III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa de xuventude e a concelleira delegada de Igualdade, Xuventude e Normalización Lingüística así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 22/01/2019, no que se ordena o inicio do expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnica de Formación e Avaliación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de un/unha auxiliar de administración xeral para o Servizo de Xuventude, supón un gasto de **10.099,68 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **3.029,90 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente “Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de auxiliar de administración xeral, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser nomeadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Auxiliar de administración xeral de D^a M^a Concepción Collazo Saavedra, con DNI 3*0*3**6*, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

O/a mesmo/a aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como **auxiliar de administración xeral**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do Servizo de Xuventude contidas no escrito do 09/01/2019 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **10.099,68 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.



Concello de Vigo

SEGUNDO: Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como auxiliar de administración xeral a D^a M^a Concepción Collazo Saavedra, con DNI 3*0*3**6*, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 138-auxiliar), sendo adscrito/a ao Servizo de Xuventude, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/da funcionario/a interino/a nomeado/a desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/á aspirante nomeado/a, á Xefa de Servizo de Xuventude, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(203).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DE UN ALGUACIL NOTIFICADOR (PROMOCIÓN INTERNA) CON CARGO Á PRAZA VACANTE DA OEP 2014. EXPTE. 33459/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 28/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 19/02/19, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para prover en propiedade unha praza de Alguacil-notificador en réxime funcional e incluída no grupo E de agrupacións profesionais, pola quenda de promoción interna, vacante no Cadro de Persoal Municipal e incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2014, na súa sesión de 28 de xaneiro de 2019, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento do aspirante que se relaciona a continuación por ter superados todos os exercicios do concurso-oposición:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN FINAL
1	BUENO ALONSO, DIEGO	5***8*97*	19,725

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 31/01/2019.

O aspirante proposto presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de data 19/06/2015 e 30/12/2016, e previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo Técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Nomear **funcionario de carreira** con cargo á praza convocada de **Alguacil notificador/a**, a **D. DIEGO BUENO ALONSO** con DNI 5***8*97*, que foi proposto polo



Concello de Vigo

Órgano de Selección, por ser o único aspirante que superou todos os exercicios do concurso-oposición e que acadou unha puntuación total de **19,725 puntos**.

De conformidade co previsto na Base Décimo sexta das Xerais da convocatoria, o presente nomeamento unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionario de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 60.c) e d) da Lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, ao Xefa da Área de Réxime Interior, á Xefa de Subalternos, así como ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

TERCEIRO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(204).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIA DE CARREIRA DE UNHA TÉCNICA MEDIA DE RELACIÓNS LABORAIS (PROMOCIÓN INTERNA) CON CARGO Á PRAZA VACANTE DA OEP 2016. EXPTE. 33517/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 4/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 19/02/19, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para prover en propiedade unha praza de Técnico/a Medio/a Relacións Laborais en réxime funcional e incluída no subgrupo A2 de titulación, pola quenda de promoción interna, vacante no Cadro de Persoal Municipal e incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2016, na súa sesión de 4 de febreiro de 2019, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento da aspirante que se relaciona a continuación por ter superados todos os exercicios do concurso-oposición:

APELIDOS	NOME	DNI	TOTAL
RODRÍGUEZ MARTÍNEZ	MARÍA JOSÉ	360****2*	24,00

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 13/02/2019.

A aspirante proposta presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de data 19/06/2015 e 30/12/2016, e previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo Técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Nomear **funcionaria de carreira** con cargo á praza convocada de **Técnico/a Medio/a Relacións Laborais** a **D^a. MARÍA JOSÉ RODRÍGUEZ MARTÍNEZ**, con DNI 360****2*, que foi proposta polo Órgano de Selección, por ser a única aspirante que superou todos os exercicios do concurso-oposición e que acadou unha puntuación total de **24,00 puntos**.

De conformidade co previsto na Base Décimo sexta das Xerais da convocatoria, o presente nomeamento unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionario de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 60.c) e d) da Lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á interesada, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, á Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, así como ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

TERCEIRO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(205).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DE UN ENXEÑEIRO TÉCNICO EN TOPOGRAFÍA (QUENDA LIBRE) CON CARGO Á PRAZA VACANTE DA OEP 2016. EXPTE. 33531/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 27/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 21/02/19, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

O Órgano de Selección encargado de vulgar as probas selectivas para prover en propiedade unha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a en Topografía en réxime funcional e incluída no subgrupo A2 de titulación, pola quenda libre, vacante no Cadro de Persoal Municipal e incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2016, na súa sesión de 15 de febreiro de 2019, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento do aspirante que se relaciona a continuación por ter superados todos os exercicios da oposición coa maior puntuación:

APELIDOS	NOME	DNI	TOTAL PUNTOS
SAAVEDRA SALGUEIRO	PABLO	3*3***33*	18,801

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 15/02/2019.

O aspirante proposto presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de data 19/06/2015 e 30/12/2016, e previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo Técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Nomear **funcionario de carreira** con cargo á praza convocada de **Enxeñeiro/a Técnico/a en Topografía**, a **D. PABLO SAAVEDRA SALGUEIRO** con DNI 3*3***33*, que foi proposto polo Órgano de Selección, por ser o aspirante que superou todos os exercicios da oposición coa maior puntuación **(18,801 puntos)**.

De conformidade co previsto na Base Décimo sexta das Xerais da convocatoria, o presente nomeamento unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionario de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 60.c) e d) da Lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, ao Xefe da Área de Fomento, así como ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

TERCEIRO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(206).- CONTRATO AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA DA LEI 7/2017 DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO, PARA O SUMINISTRO DE BASES XURÍDICAS E ACCESO A PUBLICACIÓNS DO GRUPO EDITORIAL WOLTERS-KLUWERT PARA O PERÍODO XANEIRO 2019-DECEMBRO 2019. EXPTE. 4842/550.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 04/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 22/02/19, asinado polo vogal do Tribunal Económico-Administrativo e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En Vigo, a 22 de febreiro de 2019, en relación có asunto de referencia, emítase o presente en base ás seguintes consideracións:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 17 de maio de 2018 prestou a súa conformidade á proposta para o seguinte contrato :



Concello de Vigo

CONTRATO Ó ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO PARA O SUBMINISTRO DE BASES XURÍDICAS E ACCESO A PUBLICACIÓNS DO GRUPO EDITORIAL WOLTERS-KLUWERT PARA O PERÍODO XANEIRO2018-DECEMBRO2018. EXPTE. 4525/550.

SEGUNDO.- Prestado dende entón o servizo, pola empresa presentouse nova proposta, que se adxunta, para a renovación da suscripción ás bases de datos.

A citada proposta ten un custe total de 41,765'57 € (Base 34,517,00,€ máis 21% IVE 7250'67 €), para o período xaneiro de 2019 a decembro de 2019, e con este importe se daría adecuado suministro, tanto das bases de datos coma das revistas especializadas, a todos os Servizos tanto do Concello de Vigo coma dos seus Organismos, xa que se estima que os accesos son suficientes para este fin.

TERCEIRO.- A Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público establece o seguinte:

Disposición adicional novena. Normas especiales para la contratación del acceso a bases de datos y la suscripción a publicaciones.

1. La suscripción a revistas y otras publicaciones, cualquiera que sea su soporte, así como la contratación del acceso a la información contenida en bases de datos especializadas, y en la medida en que resulten imprescindibles, la contratación de los servicios necesarios para la suscripción o la contratación citadas anteriormente, podrán efectuarse, cualquiera que sea su cuantía siempre que no tengan el carácter de contratos sujetos a regulación armonizada, de acuerdo con las normas establecidas en esta Ley para los contratos menores y con sujeción a las condiciones generales que apliquen los proveedores, incluyendo las referidas a las fórmulas de pago. El abono del precio, en estos casos, se hará en la forma prevista en las condiciones que rijan estos contratos, siendo admisible el pago con anterioridad a la entrega o realización de la prestación, siempre que ello responda a los usos habituales del mercado.

2. Cuando los contratos a que se refiere el apartado anterior se celebren por medios electrónicos, informáticos o telemáticos, las entidades del sector público contratantes tendrán la consideración de consumidores, a los efectos previstos en la legislación de servicios de la sociedad de la información y comercio electrónico.

CARTO.- O gasto pode ser imputado á partida 9200.220.01.00 “Libros e outras publicacións”, do orzamento corrente.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, competente segundo o establecido na Disposición Adicional Segunda.4 da Lei 9/2017, previa remisión á Intervención Xeral ós efectos oportunos, a adopción do seguinte,

ACORDO

1.- Autoriza-lo réxime excepcional previsto na Disposición Adicional 9ª do RDLex 3/Lei 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF) para a suscripción a Bases Xurídicas e publicacións especializadas, segundo a proposta remitida pola empresa e que se adxunta ó expediente, para o período xaneiro de 2019 a decembro de 2019, có tratamento de contrato menor de

servizos, de conformidade co previsto nos art. 111, art. 138.3 e art 10 do TRLCSP, para o contrato ó que se refire a oferta adxunta

2.- Autoriza-lo gasto e comprometer o pago a prol de Wolters-Kluwert España SA con NIF A58417346, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo importe da citada proposta de 41,765'57 € (Base 34,517,00,€ máis 21% IVE 7250'67 €), para o período xaneiro de 2019 a decembro de 2019, que pode ser imputado á partida 9200.220.01.00 "Libros e outras publicacións" do orzamento corrente.

3.- En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato (art. 86.2 do TRLCSP), entendéndose que o mesmo debe de abarcala totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

20(207).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, CONSONTE AO DISPOSTO NO ARTIGO 168 DA LEI 9/2017, PARA O CONTRATO DE PATROCINIO PUBLICITARIO DA "GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA- 2019". EXPTE. 16907/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 06/03/19 e o informe de fiscalización de data 07/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 04/03/19, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico en funcións de sinatura técnica da actividade administrativa do Gabinete de Alcaldía(RA 06.07.2018), a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial en funcións de sinatura técnica superior no ámbito da unidade administrativa de Alcaldía (RA14.04.2016), o concelleiro delegado de Xestión Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes



Concello de Vigo

En base as consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade, de data 31 de xaneiro de 2019, que consta no expediente, o Concelleiro delegado da Área de de Xestión municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica en data 4 de febreiro de 2019 dispón que se inicie expediente administrativo para a execución dun contrato de patrocinio publicitario para a “Gran gala do Deporte de Vigo e a súa Comarca 2019” organizada polo Faro de Vigo.

O contrato responde ao exercicio das competencias municipais na medida en que os artigos 25.1 e 25.2.I. da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades para promocionar e difundir os valores sociais e culturais implícitos na acción do deporte.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade, asinado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo, de data 31 de xaneiro de 2019.
- Memoria xustificativa do contrato de data 1 de marzo de 2019 asinada pola Xefa de Patrimonio Histórico, en funcións de sinatura técnica da actividade administrativa do Gabinete de Alcaldía, Resolución 06.07.2018.
- Prego de Prescricións técnicas particulares de data 28 de febreiro de 2019, asinado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo
- Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 1 de marzo de 2019.

II.- Condicións definitorias do contrato

II.1.- Obxecto e natureza do contrato

O obxecto deste contrato e a contratación do patrocinio publicitario da organización da “Gran Gala do Deporte de Vigo e a súa Comarca 2019”, proxecto organizado polo “Faro de Vigo”.

O expediente cualifícase de contrato de patrocinio publicitario de acordo co artigo 22 da vixente Lei Xeral de Publicidade, e se considera como un contrato privado, xa que o mesmo non ten cabida en ningún dos contratos recollidos no artigo 12 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En cumprimento do art. 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, os aspectos relacionados coa natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrixe mediante o presente contrato, así como da idoneidade do obxecto e contido, son os definidos no informe de necesidade, así como no do informe proposta que contén a memoria xustificativa do contido do contrato que constan no presente expediente, e consisten en satisfacer a necesidade pública de promover o deporte e promocionar e difundir a acción municipal en prol do seu fomento e dos seus valores sociais.

II.2.- Réxime xurídico e procedemento de adxudicación

Este contrato cualifícase como de patrocinio publicitario, de conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade, e ten a consideración de contrato privado consonte ao disposto nos artigos 24 a 26 da LCSP.

Rexerase, en canto á súa preparación e adxudicación, por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante. En canto aos seus efectos e extinción, rexerase polo dereito privado.

O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, FARO DE VIGO, SAU, que ten a exclusiva da gala que ven desenvolvendo desde fai anos.

A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.

II.3.- Prezo e valor do contrato

A proposta realizada polo “Faro de Vigo SAU”, fundamenta a valoración para o patrocino en relación a dous aspectos, por un lado os costes directos de organización, e en segundo lugar en relación ao valor de retorno indirecto de comunicación e difusión que ofrece a vinculación directa de este proxecto ao xornal “FARO DE VIGO”, o cal no ámbito da cidade de Vigo realiza unha labor de información e comunicación cun valor de comunicación moi importante, xa que de forma xeral, este xornal acada na cidade de Vigo uns valores de identificación na sociedade moi altos, referendados de forma específica polos datos do estudo EGM” 3º OLEADA ANO 2018, con 237.000 lectores de media, o cal sitúa o xornal como o principal garante para a difusión e divulgación das accións propostas.

A proposta para o desenvolvemento do contrato de patrocinio publicitario co Concello de Vigo, para o proxecto da “GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SUA COMARCA 2019”, establécese en 75.000,00 euros (ive incluído). O citado importe como orzamento base de licitación considérase adecuado en relación ó obxecto do contrato e a súa estimación, correspóndese favorablemente para o Concello de Vigo como Patrocinador, xa que polo orzamento definido o Concello de Vigo non tería capacidade propia para o desenvolvemento do proxecto obxecto deste expediente.

En consecuencia, o prezo certo do contrato, en cumprimento do artigo 102 LCSP, estímase axeitado en base ao **retorno** que obtén este Concello na difusión da súa imaxe, como expoñente deportivo de primeiro orde, que lle permitirá alcanzar e desfrutar dun alto grao de notoriedade nos días previos e posteriores á gala nas diferentes insercións, ademáis de que a cuantificación das mesmas exceden amplamente a cantidade finalmente aboada co contrato.

O prezo do contrato que servirá como base da negociación é dun total de 75.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 13.016,53 euros..

O gasto terá unha imputación a aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) do vixente orzamento para o ano 2019.

II.4 Aspectos do contrato obxecto de negociación



Concello de Vigo

O artigo 170.2 da LCSP determina que no caso de que únicamente participe un candidato, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con el os termos do contrato. No entanto, neste caso, dado que a empresa foi seleccionada, as características do patrocinio determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma.

O único criterio de adxudicación será a redución do prezo do contrato.

II.5 Revisión de prezos

Non procede.

II.6.- Esixencia de Clasificación

Non se contempla.

II.7.- Subcontratación

Admítase a subcontratación. Establécense como tarefas críticas a accións de promoción en prensa escrita que non poderán ser obxecto de subcontratación por tratarse de prestacións a realizar polo contratista no medio de comunicación de que é titular.

A subcontratación rexerase polo disposto nos artigos 215, 216 e 217 e a Disposición Adicional quincuaxésima primeira da Lei de Contratos do Sector Público.

II.8.- Prazo de execución e prórroga:

O prazo de execución do contrato será de dun mes.

Non se contempla posibilidade de prórroga.

II.9.- Modificación do contrato

Non se contempla.

II.10.- Responsable do Contrato

A responsable do contrato será a a Xefa de Patrimonio Histórico, en funcións de sinatura técnica da actividade administrativa do Gabinete de Alcaldía, Resolución 06.07.2018

II.11- Seguridade

O adxudicatario deberá subscribir un seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de 300.000 €.

O adxudicatario, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización da gala .

O local da gala disporá dun aforo mínimo de 1.000 persoas sentadas en cadeiras.

O patrocinado asumirá a seguridade da Gala, implementando as medidas de seguridade precisas en relación ao control de aforo, así como establecendo os correspondentes plans de seguridade e evacuación.

II.12.- Condicións especiais de execución:

Considerarase condición especial de execución a obriga do contratista de estar ao corrente dos pagamentos cos seus subcontratistas e subministradores, así como a adopción de medidas pola empresa adxudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato.

II.13.- Solvencia

- Solvencia económica e financeira:

Acreditarase mediante unha declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao valor estimado do contrato.

- Solvencia técnica e profesional:

Deberá achegarse unha declaración do empresario sobre as galas de natureza semellante organizadas nos tres últimos anos.

III.-Proposta

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario da GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2019, a mercantil Faro de Vigo SAU, como organizador exclusivo da Gala.

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo, de data 28 de febreiro de 2019.

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data de 1 de marzo de 2019.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 75.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 13.016,53 euros.

· O gasto imputarase a aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía).

· O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo art 101.1 LCSP é de 61.983,47 euros.



Concello de Vigo

Quinto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(208).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DEZASETE OFICIAIS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 33555/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 07/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 28/02/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 22/02/2019, a Xefa de Educación coa conformidade da concelleira de Educación, remite oficio manifestando a urxente necesidade de dezasete oficiais de instalacións municipais para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 25/02/2019 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dezasete oficiais de instalacións municipais por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 26/02/2019, emítase polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º)** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (...). Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*



Concello de Vigo

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 300-oficial de instalacións municipais), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo

correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos “Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa de Educación, e a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos, que consta no expediente, os nomeamentos interinos propostos de dezasete oficiais de instalacións municipais para educación, supón un gasto de **205.670,08 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **75.273,45 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.



Concello de Vigo

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Oficiais de Instalacións Municipais, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Oficiais de instalacións municipais de D. David Alberdi Iglesias con DNI *94***92*, D. Juan Francisco Argibay García con DNI *6**6*62*, D. Manuel Quiroga Villar con DNI 3*0*8*4** , D. José María Rodríguez Lago con DNI 3*1*8**1* , D^a. Áurea Saavedra González con DNI 3***7*34* , D. Carlos García Veloso con DNI **0**888* , D. Fernando Rey Gómez con DNI 7**91**7* , D. Miguel José Sousa Vázquez con DNI *6***911* , D. Juan Miguel Iglesias Peixoto con DNI 36*7***7* , D. Javier Sánchez Figueroa con DNI 36*3***1* , D. Jesús Fajardo Fariñas con DNI **1**401* , D. Miguel Ángel Cabaleiro Vázquez con DNI *6***637* , D^a. María Teresa Quinteiro Domínguez con DNI **1**920* , D^a Patricia Bermúdez García con DNI *6*73**9* , D. José Fidel Fonterosa Amez con DNI ***638*2* , D. Felipe Bastos Cabaleiro con DNI 53***39** e D^a. Bibiana Rodríguez Alonso con DNI 53*7*2*** , de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escritos que constan anexados ao expediente optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dezasete funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **oficiais de instalacións municipais**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a

relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do servizo de Educación contidas no escrito do 22/02/2019 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **205.670,08 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/sa por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como **oficiais de instalacións municipais** a D. David Alberdi Iglesias con DNI *94***92*, D. Juan Francisco Argibay García con DNI *6**6*62*, D. Manuel Quiroga Villar con DNI 3*0*8*4**, D. José María Rodríguez Lago con DNI 3*1*8**1*, D^a. Áurea Saavedra González con DNI 3***7*34* , D. Carlos García Veloso con DNI **0**888*, D. Fernando Rey Gómez con DNI 7**91**7*, D. Miguel José Sousa Vázquez con DNI *6***911* , D. Juan Miguel Iglesias Peixoto con DNI 36*7***7*, D. Javier Sánchez Figueroa con DNI 36*3***1*, D. Jesús Fajardo Fariñas con DNI **1**401*, D. Miguel Ángel Cabaleiro Vázquez con DNI *6***637*, D^a. María Teresa Quinteiro Domínguez con DNI **1**920*, D^a Patricia Bermúdez García con DNI *6*73**9*, D. José Fidel Fonterosa Amez con DNI ***638*2*, D. Felipe Bastos Cabaleiro con DNI 53***39** e D^a. Bibiana Rodríguez Alonso con DNI 53*7*2***, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 300-Oficial de instalacións municipais), sendo adscritos/as ao Servizo de Educación, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/da funcionario/a interino/a nomeado/a desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Instar a Xefatura da Área/Servizo para a realización do correspondente documento organizativo no cal se analicen as necesidades estruturais e temporais de efectivos nos departamentos ao seu cargo, establecendo a obriga de remitilo á Concellaría-delegada de xestión municipal para a realización das actuacións pertinentes.

SEXTO: Notificar o presente acordo aos/ás aspirantes nomeados/as, á Xefa de Educación, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no



Concello de Vigo

prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(209).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O SEGUNDO TTE. ALCALDE, (RA 05/03/19)
Francisco Javier Pardo Espiñeira.